

REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA

**MANUAL DE PROCEDIMIENTO DE CATALOGACIÓN DE
PUBLICACIONES SERIADAS**

INTRODUCCIÓN

Este manual está dirixido ó persoal bibliotecario da Rede de Bibliotecas de Galicia. O seu obxectivo fundamental é o de establecer unhas regras comúns para tódalas bibliotecas para a elaboración dos rexistros bibliográficos . É importante seguir este manual para que a recuperación de información no catálogo colectivo sexa o máis eficaz posible.

Para a elaboración dos rexistros seguiremos a seguinte normativa catalográfica:

- Reglas de Catalogación. Ministerio de Educación y Cultura, 1999**
- Formato Ibermarc para registros bibliográficos, 6ª ed.**
- Lista de Encabezamientos de Materia para las Bibliotecas Públicas, 2ª ed. rev., 1994**
- Encabezamientos de materia, normativa para su redacción. Biblioteca Nacional, 1991**
- CDU: Clasificación Decimal Universal. AENOR, 2000**

NORMAS XERAIS PARA A INTRODUCCIÓN DE DATOS

1. ORTOGRAFÍA

No uso de **maiúsculas e minúsculas** seguiranse as normas ortográficas da/s lingua/s da publicación, e o uso que prescriban as Regras de Catalogación. (Exemplo: as entidades francesas soamente levan en maiúsculas a primeira letra da primeira palabra do seu nome)

Irán en maiúscula:

- a primeira letra da primeira palabra de cada área
- a primeira letra da designación específica de material (\$h[Vídeo])

Irá en minúscula:

- a primeira letra da primeira palabra dos subtítulos, agás no caso de nomes propios.

Iniciais: Codifícanse cos puntos e cun espacío en branco entre elas:

Ex. Méndez Álvarez, José Luis L.

Castro, J. C.

Siglas e acrónimos: Irán en maiúsculas, sen separación de puntos nin espazos:

Ex. ONU, AENOR, etc.

Acentos e outros signos diacríticos: Poranse sempre, dacordo co contexto ortográfico do documento e aínda que non consten na fonte da que se toman os datos.

As maiúsculas acentúanse sempre.

2. IDIOMA

Onde as Reglas de Catalogación din “lengua del centro catalogador” para nós é o galego. Afecta a:

- áreas 5, 7, 8
- designación xeral da clase de documento na área 1
- mención de función de distribuidor na área 4

Polo tanto, elementos calificativos e títulos uniformes facticios, notas, subcampos específicos como lingua (**\$1**), notas, área de descrición física, etc. irán sempre en galego.

3. PUNTUACIÓN

Introducírase toda a puntuación prescrita polas regras de catalogación, dentro de cada campo **precedendo ó \$**. Por iso que cando importemos algún rexistro doutro sistema,

por exemplo, da Biblioteca Nacional, teremos que modificar a colocación da puntuación (na Biblioteca Nacional introducen a puntuación despois do \$). Só nos casos de parénteses e corchetes gravarémolos despois do identificador do subcampo. No caso de título uniforme os corchetes serán xerados polo sistema automaticamente. No caso de coincidencia ou repetición de puntuación ó final/comezo de subcampo, esta non se gravará.

Toda a puntuación ISBD está precedida e seguida por un espacio, excepto, coma, punto, paréntese, comiñas ou corchetes que seguen as regras de ortografía normais.

Non é necesario introducir o \$a xa que o sistema o establece por defecto, aínda que nos exemplos que se inclúen neste manual está posto para unha maior claridades.

Para a serie, campo 440, empregárase sempre números arábigos.

4. CARACTERES QUE NON ALFABETIZAN

É o número de caracteres que se antepoñen á primeira palabra que alfabetiza dun campo.

Os caracteres que non alfabetizan son os artigos, signos ortográficos (comiñas, interrogacións, etc.) e espacios que preceden a primeira palabra do título.

Ex.:

245 00\$aBoletín apícola

245 14\$aLas preguntas de la vida

5. FONTE PRINCIPAL DE INFORMACIÓN

A fonte principal de información para as publicacións seriadas é a portada do primeiro volume ou fascículo ou parte do mesmo que a substitúa. Se non temos o primeiro, a fonte será a portada do primeiro entre os disponibles.

Cando non teñamos portada, bastante habitual nas publicacións seriadas, elixiremos entre as seguintes fontes por esta orde:

- Portada analítica
- Cuberta
- Cabeceira
- Membrete editorial
- Páxinas editoriais
- Outros preliminares
- Colofón e outras páxinas que conteñan o título.

Indicaremos en nota a fonte que substitúa á portada.

CAMPOS FIXOS DE INNOPAC

Posicións específicas de seriadas:

→Tipo de material

s Seriadas (este código é o que define o scope de publicacións seriadas)

O resto das posicións cúbrese igual que para monografías (lingua, país, etc.)

CAMPOS MARC

Cabeceira (LDR)

A cabeceira é o primeiro campo dun rexistro bibliográfico. Como sabedes, en Innopac está dentro do campo 008; hai que expandir o campo para ver as posicións.

Son posicións codificadas que describen o tipo de rexistro que estamos catalogando.

Moitas das posicións xenéraas o sistema polo que únicamente se reflexan as que temos que cubrir e o código a empregar:

→05 Estado do rexistro

n Novo

→06 Tipo de rexistro

a Material textual

Importante!: Para as **microformas** e os **recursos electrónicos** que sexan basicamente material textual tamén se emprega o código **a**. As características do contido descrito polos demais códigos prevalece sobre as características de microforma ou arquivo de ordenador do documento. Por exemplo: deben levar código “a” unha enciclopedia en CD-ROM, unha tese de doutoramento en microficha, etc. Mentres que deben levar “m” programas de ordenador, datos numéricos, etc.

→07 Nivel bibliográfico

s Seriadas

→08 Tipo de control

Non especifica tipo

→17 Nivel de codificación

- # Nivel completo. Material examinado
- 1 Nivel completo. Material no examinado (para as reconversións)

→18 Forma de catalogación descriptiva

- i ISBD

Con esta codificación da Cabeceira estamos indicando que o rexistro é **novο**, trátase dunha **publicación seriada**, ten un nivel de codificación **completo** e segue as normas **ISBD**.

□ CAMPOS DE CONTROL

001 Número de control (NR)

Número de control que identifica o rexistro e que identifica a entidade que o crea. **No noso caso sempre irá o código da biblioteca**

007 Campo fixo de descripción física (R)

Só se utiliza este campo cando esteamos catalogando unha publicación seriada en microforma, ben sexa orixinal ou unha reprodución.

007/00Clase de material

- h** Microforma

Na Estación de Catalogación cando se expande o campo 007 salen por defecto os datos de arquivo de ordenador. Cando cataloguemos unha publicación seriada en microforma teremos que, primeiro, cambiar a primeira posición (007/00 Clase de material) e codificar “h” e, a continuación, contraer o campo 007 e volver a expandilo para que aparezan as posicións correspondentes ás microformas. Debemos cumprimentar as seguintes:

007/01	Designación específica do material
/02	Non definida
/03	Polaridade
/04	Dimensións
/05	Nivel de redución
/09	Color

O resto das posicións codificarémolas con “u” –descoñecido

008 Campo de información de lonxitude fixa (NR)

Este campo contén 40 posicións que proporcionan información codificada sobre o rexistro considerado na súa totalidade e, tamén, sobre algúns aspectos bibliográficos especiais do documento que estamos a catalogar. Estes datos son especialmente importantes para o tratamento e recuperación da información.

É, polo tanto, **importante a súa correcta codificación**. Ademáis, dos erros neste campo derivanse posteriores problemas de tratamento dos rexistros en ficheiros de revisión.

→008/005 Data de entrada no ficheiro

É a data de entrada do rexistro na base de datos. É xenerada polo sistema.

→008/06 Tipo de data

Nas publicacións seriadas, e nos arquivos de ordenador que se publican en forma seriada, indica o estado da publicación e relaciónase coas datas que se dan no 008/07-10 (data de comezo da publicación) e 008/11-14 (data final da publicación). Empregaremos algún destes 3 códigos:

c Publicación en curso

Este código indica que o documento seriado está en curso de publicación. Unha publicación en curso defínese coma unha publicación da que se publicou un fascículo nos últimos tres anos. A data de comezo da publicación introdúcese no 008/07-10. A posición 008/11-14 contén 9999.

Exemplos:

008/06 c
008/07-10 1984
008/11-14 9999

260###\$aMadrid:\$bAyuntamiento de Madrid,\$c1984-

d **Publicación pechada**

O código **d** indica que o documento deixou de publicarse ou que un cambio de autor ou de título orixinou un novo rexistro. Cando un novo título sucede a outro anterior, o primeiro considérase cesado e codifícase **d** no 008/06. Considérase que unha publicación deixou de publicarse só cando hai unha evidencia clara de que isto sucedeu. Xeneralmente, un período superior ós tres anos no que non se publicou ningún fascículo, considérase evidencia de que a publicación cesou. A posición 008/07-10 contén a data na que comezou a publicación e a posición 008/11-14 a data na que deixou de publicarse. Non se refire á última data do conservado na Biblioteca. .Exemplos:

008/06 d
008/07-10 1932
008/11-14 1936
260###\$aMadrid:\$bUniversidad de Madrid,\$c1932-1936
362###\$aT. 1 (1932)-t. 5 (1936)

u **Estado descoñecido**

Este código utilízase cando non existe unha indicación clara de que a publicación periódica cesara. O campo 008/07-10 contén a data de inicio. O campo 008/11-14 contén os caracteres *uuuu*, posto que non se coñece a data de finalización. Exemplo:

008/06 u
008/07-10 1948
008/11-14 uuuu
3620#\$a1948-

→008/07-10 Primeira data/data de comezo da publicación

Sempre se deben ocupar os 4 díxitos. A data refírese á de inicio da publicación (non da nosa colección). Cando se descoñece parte dunha data os díxitos que faltan substitúense coa letra **u**.

008/06 c
008/07-10 194u
008/11-14 9999
5900#\$aDescripción baseada en: Vol. 2, n.3 (mar. 1947)

[Descoñécese a data do primeiro número]

Cando se cataloga unha reprodución, as datas de comezo e cese son as do documento orixinal.

008/06 d

008/07-10 1942

008/11-14 1943

260 00\$aVaduz\$bTopos Verlag\$c1974

534 \$pE reprodución da publicación:\$aDe mar a mar\$cBuenos Aires, 1942-1943

→008/11-14 Segunda data/data final da publicación

Indica o ano de cese da publicación (código d), non o da colección conservada na Biblioteca.

Catro cifras, igualmente, substituíbles por u se non se coñece algunha. Se a publicación está en curso (código c) codifícase con 9999 ou se descoñece se cesou (código u) con *uuuu*.

→008/15-17 Lugar de publicación, produción ou execución

Contén un código alfabético de tres letras que indica o país no que o documento se publicou o executou. A elección do código correspondente está en relación co campo 260:

-Se damos varios lugares de publicación, rexistraremos o código do país do primeiro lugar rexistrado. Exemplo:

008/15-17 fra

260 ##\$aParís ;\$aMadrid

-Se o lugar de publicación é dubidoso (corchetes + interrogante), daremos así mesmo o código do país do primeiro lugar rexistrado deste xeito. Exemplo:

008/15-17 esp

260 ##\$a[Madrid?]

Para publicacións seriadas e arquivos de ordenador seriados, o código de país reflexa o lugar de publicación do último número disponible. Se o rexistro se actualiza posteriormente e o lugar cambiou, o código de lugar de publicación actualízase cando se mencione o cambio nunha nota.

Exemplo:

008/15-17 usa

260##\$aLondon:\$bTaylor & Francis,\$c1984-

500##\$aA partir de 1994 publicado en: New York : Academic Press

→**008/18 Periodicidade** (=Frecuencia en Guicat)

Contén un código alfabético dunha soa letra que indica a periodicidade dunha publicación seriada ou de un arquivo de ordenador publicado coma seriada. Úsase conxuntamente coa posición 008/19 (Regularidade) e basease na información que figura no campo 310 (Periodicidade actual). Seleccionaremos, desplegando o recadro, a periodicidade que se axuste á publicación que estamos catalogando:

#- Periodicidade non determinada (irregular)

008/18 #
008/19 x
310 \$aIrregular

a- Anual

008/18 a
008/19 r
310 \$aAnual

b- Bimestral (=bimonthly en Guicat)

Publícase cada 2 meses. Tamén levan este código as publicacións que teñen unha periodicidade de 6, 7 ou 8 n. ó ano.

008/18 b
008/19 r
310 \$aBimestral

c- Bisemanal (=semiweekly en Guicat)

Publícase 2 veces por semana.

d- Diaria

Publícase unha vez ó día. Pode incluír o sábado e o domingo.

008/18 d
008/19 n
310 \$aDiario
500 \$aNon se publica os domingos

[Un periódico que sae tódolos días excepto os domingos. É unha irregularidade normalizada (código n no 008/19)]

e- Bimensual (=biweekly en Guicat)

Publícase 2 veces ó mes

f- Semestral (=semiannual en Guicat)

Publícase cada 6 meses ou dúas veces ó ano.

g- Bienal (=biennial en Guicat)

Cada dous anos.

h – Trienal (=Triennial en Guicat)

Cada tres anos.

i - Tres veces por semana (=three times a week en Guicat)

Indica que a seriada publícase tres veces á semana

j - Trimensual: (=three times a month en Guicat)

Tres veces por mes

m - Mensual

Publícase cada mes. Levan tamén este código as publicacións cunha periodicidade de 9, 10, 11 ou 12 n. por ano.

q – Trimestral (=quarterly en Guicat)

Cada tres meses. Tamén levan este código as publicacións que saen 4 n. ó ano.

s - Quincenal (=semimonthly en Guicat)

Cada 2 semanas.

t – Cuadrimestral (=three times a year en Guicat)

Cada catro meses ou tres veces ó ano.

u - Descoñecido:

Indica que se descoñece a periodicidade actual da publicación seriada. Se se utiliza o código u nesta posición, na posición 008/19 (Regularidade) debe utilizarse tamén o código u. No campo 310 debe consignarse "Periodicidade descoñecida".

008/18 u

008/19 u

310 \$aPeriodicidade descoñecida

w – Semanal (=weekly en Guicat)

Publícase unha vez por semana

z - Outras:

Periodicidade que non corresponde a ningún dos códigos anteriores.

-Cando a periodicidade definida polos códigos non coincide tal e como figura no campo 310 úsase a máis próxima dacordo á seguinte taboa e élíxese o código X na posición 19 (Regularidade).

Código en 008	Periodicidad en 310
f (semestral)	2 n. ó ano
q (trimestral)	4/5 n. ó ano
b (bimestral)	6/8 n. ó ano
m (mensual)	9/12 n. ó ano

-Se unha publicación seriada deixa de aparecer logo dun único número, consígnanse a periodicidade e a regularidade que se pretendían, se se coñecen. Se non se coñecen, codifícanse ambas co código **u** (descoñecida).

-Se unha publicación seriada se publica seguindo unha periodicidade dada e os volumes acumulativos cunha periodicidade diferente, a periodicidade (e a regularidade) codifícanse sen ter en conta a periodicidade dos volumes acumulativos.

-Se se trata dunha reimpresión codifícase segundo a periodicidade e a regularidade da reimpresión, non do orixinal.

→008/19 Regularidade

Contén un código alfabético dunha soa letra que indica a regularidade que se pretende que teña a publicación seriada. Úsase conxuntamente coa posición 008/18 (Periodicidade) e a información tómase do campo 310. Hai que ter en conta as declaracións do editor neste sentido.

n - Irregularidade normalizada

Indica que a publicación non é totalmente regular. Úsase, por exemplo, cando a publicación se desvía intencionadamente dun modelo normalizado (p.e. un periódico que no sae os domingos). Tamén cando se especifica que se publica de maneira regular unha acumulación ademais dos números individuais.

r – Regular

Indica a intención de que a publicación apareza regularmente. Úsase cando os códigos de periodicidade da posición 008/18 definen exactamente a periodicidade da publicación e sempre que o editor quera que o documento apareza de xeito regular. Isto pode determinarse a partir dunha información sobre o documento ou examinando o modelo de edición. Por iso, se un documento establece que vai aparecer bimestralmente, a regularidade é código **r** incluso aínda que se saiba que en ocasións a periodicidade é distinta debido a problemas de edición.

u – Descoñecido

Indica que se descoñece a regularidade da publicación seriada. Cando se utiliza o código u nesta posición, debe usarse o mesmo código na posición 008/18 (Periodicidade).

x - Completamente irregular

Utilízase cando se sabe que a periodicidade é irregular de xeito intencionado e a posición 008/18 (Periodicidade) se codifica cun branco #, e nos casos nos que a periodicidade se expresa en números por ano vistos na táboa da posición 008/18.

Exemplos:

008/18 m
008/19 n
310###\$aMensual (excepto julio y agosto)

008/18 q
008/19 x
310###\$a5 veces al año

→008/20 Centro ISSN

Contén un código alfabético dunha soa letra que indica o Centro ISSN responsable de asignar e manter determinados datos dun rexistro.

Os datos ISSN habituais son o:

- ISSN (Internacional Standard Serial Number) que se codifica no campo 022
- O título clave que se codifica no campo 222.
- O título clave abreviado que se codifica no campo 210

Códigos:

- Non ten asignado código de centro ISSN

Indica que o rexistro bibliográfico non ten cubertos ningún dos campos seguintes: 022, 222 e 210.

0 – Centro Internacional

Os datos do rexistro están asignados e mantidos polo Centro Internacional ISSN, en París

1 – Estados Unidos

4 - Canadá

z – Outro

Utilizaremos o código “z” para indicar que o Centro ISSN é o español. Cando unha publicación española non teña cuberto ningún dos campos 022, 222 ou 210, o código será un branco (#).

→008/21 Tipo de publicación seriada

Código alfabético dunha soa letra que indica o tipo de publicación seriada.

- Ningún dos seguintes

Indica que a publicación non se corresponde con ningún dos tipos definidos polos restantes códigos. Caen dentro desta categoría os anuarios e as memorias anuais.

m – Serie monográfica

O documento é unha serie monográfica e emprégase con calquera título que sexa unha serie, independentemente do seu tratamento. Unha serie monográfica é un grupo de documentos que se pode describir de forma individualizada por ter cada un un título distintivo e se relacionan entre si mediante un título colectivo. Os documentos individuais poden ou non estar numerados.

n – Periódico

Indica que o documento é un periódico. É unha publicación seriada que está deseñada, basicamente, para ser unha fonte primaria de información escrita acerca dos acontecementos actuais relacionados cos asuntos públicos, sexan de ámbito local, nacional ou internacional. Contén unha ampla serie de noticias sobre tódalas cuestións e actividades e non se limita a ningún aspecto determinado. Pode incluír tamén, aínda que non de modo substancial, artigos sobre cuestións literarias ou de outra índole así coma publicidade, anuncios xurídicos, estatísticas e ilustracións.

p – Revista

Indica que o documento é unha revista. É unha publicación seriada que aparece ou pretende aparecer indefinidamente a intervalos regulares, normalmente cunha frecuencia inferior a a anual. Cada un dos seus números, normalmente contén artigos independentes, narracións e outros escritos.

→008/22 Forma da publicación orixinal

Non o utilizaremos. Deixaremos o que aparece por defecto na plantilla (#)

→008/23 Forma da publicación (=FormEjem en Guicat)

Non o utilizaremos. Deixaremos o que aparece por defecto na plantilla (#)

→008/24 Natureza da obra no seu conxunto (=NatTraba en Guicat)

Non o utilizaremos. Deixaremos o que aparece por defecto na plantilla (#)

→008/25-27 Natureza do contido

Non o utilizaremos. Deixaremos o que aparece por defecto na plantilla (#)

→008/28 Publicación oficial

Un código alfabético dunha soa letra indica se o documento foi publicado ou producido por unha entidade oficial. A entidade debe aparecer como editora, etc. na área de publicación ou distribución (260) ou ter participado na publicación do documento (esto dedúcese xeralmente cando a entidade é responsable do contido da obra). Utilizaremos unicamente os seguintes códigos:

Non é publicación oficial

- o Publicación oficial-nivel sen determinar

→008/29 Congreso

Están excluídas da consideración de congreso as publicacións que consisten nunha soa ponencia, os cursos impartidos nunha escola (agás cando a entrada principal é un nome de congreso) e os informes orales dos corpos lexislativos.

0 Non é congreso

1 É congreso

→008/30-32 Non definidas

→008/33 Alfabeto orixinal do título

Non o utilizaremos. Deixaremos o que aparece por defecto na plantilla (#).

→008/34 Entrada sucesiva/última entrada

Un código numérico dunha soa cifra indica se a publicación seriada se catalogou segundo as convencións de entrada sucesiva ou última entrada.

Utilizaremos sempre:

0 – Entrada sucesiva

Este código indica que o rexistro segue a convención de que se crea un novo rexistro cada vez que cambia o título ou que cambia a entidade que se utiliza como encabezamento principal ou título uniforme. (O título ou autor-título anterior ou posterior codifícase nun campo de enlace – campo 780/785 de cada rexistro).

→008/35-37 Lingua

-Nas **obras multilingües con menos de 6 linguas**, o código da lingua predominante inclúese nesta posición e os códigos para as outras linguas, incluíndo o da lingua predominante, rexístranse no campo 041. Eliximos a lingua predominante seguindo os seguintes criterios:

1º. A lingua predominante do texto do documento (o termo texto refírese á obra principal da publicación pero exclúe o prólogo, introducción, apéndices, etc.)

2º. A lingua do título propio.

Exemplo: **008/35-37 rus**

041 0#\$aruseng

546 ##\$aTexto en ruso, con algunhas contribucións en inglés

-Se non hai lingua predominante rexístranse os códigos por orde alfabética no 041 e o primeiro código inclúese nesta posición 008/35-37

Exemplo: **008/35-37 eng**

041 0#\$aengspa

546 ##\$aTexto en inglés e español

-Cando se trata dunha obra traducida ponse no 008/35-37 o código da lingua da tradución, non o da lingua orixinal. O código da lingua orixinal inclúese no campo 041, subcampo \$h.

Exemplo: **008/35-37 alb**

041 1#\$aalb\$hrus [Traducción albanesa dun texto ruso]

-Cando o documento contén **máis de 6 linguas** utilizaremos o código **mul**

→008/38 Rexistro modificado

Só utilizaremos o código # (Non modificado)

→008/39 Fonte de catalogación

Utilizaremos o código d:

d Outras fontes

Consignaremos o número de Depósito Legal dun documento sempre que sexa coñecido.

Se está **incompleto** ou parece **erróneo** transcribireémolo tal e como veña no documento seguido de “(erróneo)”.

En seriadas só gravaremos o Depósito Legal cando tódolos fascículos da publicación teñan o mesmo.

Se aparecen dous números de D.L., un correcto e outro incorrecto, consignaremos os dous co seu dólár correspondente (ver información de subcampos)

Indicadores:

Primeiro# Non definido

Segundo # Non definido

Subcampos:**\$a Número de Depósito Legal (R)**

Neste subcampo consignaremos o D.L. que apareza no documento. Se é incorrecto, pero só nos aparece ese, consignarémolo tamén aquí seguido da palabra **erróneo** entre paréntese “(erróneo)”.

Escribiremos o número de D.L., correcto ou **erróneo** se é o caso, seguindo as seguintes reglas de puntuación:

- A abreviatura D.L. que precede ó número é xenerada polo sistema.
- A abreviatura da provincia vai sen punto.
- Entre a abreviatura da provincia e o número de D.L. só hai un espacio, sen ningunha puntuación intermedia.
- Escribiremos sempre sen punto o número de D.L.
- Escribiremos sempre enteira a data do D.L., aínda que no documento aparezan só os dous últimos díxitos.
- O número de D.L. e a data irán sempre xuntos por un trazo curto sen espazos.

Exemplos:

019 **##**12487-1990 (erróneo)

019 **##**M 16980-1985

\$y Número de Depósito Legal erróneo (R)

Utilizaremos este subcampo cando teñamos no mesmo documento dous números de D.L.: un correcto (que consignaremos nun campo 019 \$a) e outro incorrecto, que consignaremos repetindo o campo 019 pero utilizando o \$y, tamén seguido da palabra incorrecto entre paréntese. Exemplo:

019 ##VG 84-2003

019 ##\$y84-2003 (erróneo)

022 NÚMERO INTERNACIONAL NORMALIZADO PARA PUBLICACIONES SERIADAS (ISSN) (R)

Contén o Número Internacional Normalizado para Publicacións Seriadadas (ISSN), número de identificación único que se asigna ó título dunha publicación seriada.

É obrigatorio cubrir este campo sempre que se coñeza.

Indicadores:

<i>Primeiro</i>	#	Non se especifica o nivel
<i>Segundo</i>	#	Non definido

Subcampos:

\$a Número Internacional Normalizado para Publicacións Seriadadas (NR)

Anótase directamente o número, sen teclear ISSN posto que o programa xenéao automaticamente. Os dos grupos numéricos van separados por guión.

Exemplo:

022###\$a0587-6036

\$y ISSN incorrecto (R)

Cando o ISSN que figura no documento é incorrecto, codificarémolo neste subcampo. Se non hai ningún ISSN válido só utilizaremos este subcampo. Se temos un correcto e outro incorrecto, codificaremos o primeiro no \$a e o incorrecto neste seguido de “erróneo” entre paréntese.

022 ###\$a0214-087X

022 ###\$y0614-087X (erróneo)

026 NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN DE PUBLICACIONES OFICIAIS (NIPO)

(R)

Este campo contén o NIPO, número que identifica ás publicacións editadas ou patrocinadas por unha entidade oficial. É obrigatorio rexistralo sempre que apareza no documento.

Indicadores:

Primeiro # Non definido

Segundo # Non definido

Subcampos:

\$a NIPO (NR)

Consignaremos o NIPO con guións sen espacio, separando os grupos numéricos.

O literal NIPO é xenerado polo sistema.

Exemplos:

026 **##**306-93-002-7

Este campo identifica o centro responsable da catalogación orixinal, a lingua da catalogación e os centro transcritores ou modificadores do rexistro.

Este campo contén a sigla e o nome do centro que creou o rexistro orixinal, asignou os campos do formato IBERMARC e transcribiu o rexistro en forma lexible por ordenador, ou modificou un rexistro lexible por ordenador xa existente.

Ver ademáis anexo 4 *Especificacións na copia e captura de rexistros*

Indicadores:

Primeiro # Non definido

Segundo # Non definido

Subcampos:

\$a Centro catalogador de orixe (NR)

Este subcampo contén o código da biblioteca que fixo o rexistro orixinal. No caso de reconversión ou de captura de rexistros doutra base de datos a través do Z39-50 poremos o nome da empresa que realiza a reconversión ou deixaremos o da biblioteca da que se captura o rexistro. Conservaremos, polo tanto, a procedencia do rexistro orixinal.

\$b Lingua da catalogación (NR)

Este subcampo indica o código da lingua empregada na catalogación do rexistro. Nos codificaremos sempre “**glg**” (galego).

\$c Centro transcriptor (NR)

Este subcampo contén o código da institución que transcribiu o rexistro en formato lexible por ordenador.

\$d Centro modificador (R)

Este subcampo contén o código da biblioteca que modifica o rexistro. Enténdese por modificación calquera corrección que se fai no rexistro, incluíndo cambios na catalogación, os identificadores de contido, ou a transcripción pero non a inclusión de información sobre localizacións de exemplares.

No caso de reconversión ou de captura de rexistros doutra base de datos, poñeremos no \$a o nome da empresa que realiza a reconversión ou o da biblioteca da que se captura o rexistro, e no \$d as siglas da biblioteca que modifica o rexistro.

EXEMPLOS:

***REXISTROS DE NOVA CREACIÓN:**

040 \$aC-OL\$bglg (rexistro orixinal creado por unha biblioteca do Concello de Oleiros)

Quedará establecida por defecto na plantilla (Innopac)

***REXISTROS CAPTURADOS A TRAVÉS DO SERVIDOR Z.39.50**

040 \$aBV\$bspa (información que trae un rexistro capturado da biblioteca Valenciana)

040 \$aBV\$bglg\$dCSBG (información que codificaría o CSBG)

(actualízanse tanto a data de catalogación como a data de entrada no sistema do campo 008)

040 \$a280790025 M-BN\$bSPA\$pa\$c280790025 M-BN\$dCSBG (información que trae un rexistro capturado da Biblioteca Nacional)

040 \$a280790025 M-BN\$bglg\$dCSBG (información que codificaría o CSBG)

(actualízanse tanto a data de catalogación como a data de entrada no sistema do campo 008)

***REBECA**

A captura de rexistros da base de datos REBECA esixe o cumprimento dunha serie de especificacións: estes bibliográficos requiren que se manteña a súa orixe, polo que o campo 040 quedará da forma que segue:

\$a >manterase o do rexistro de orixe

\$b>glg por ser a lingua do centro modificador

\$c >manterase a información do rexistro de orixe

\$d>C-OL (centro modificador do rexistro). No caso dunha reconversión a cargo dunha entidade allea á propia biblioteca, engadirase ademáis outro \$d co nome da empresa de que se trate

Rexistro orixinal:

040 \$aBR-AS\$bspa

Rexistro capturado polo CSBG:

040\$aBR-AS\$bglg\$dCSBG

Rexistro capturado en reconversión:

040\$aBR-AS\$bglg\$dCSBG\$dNorconsult

Soamente se actualiza a data de catalogación, manténdose a data de entrada no sistema de orixe que trae o rexistro.

***COPIA DE REXISTROS**

Cando se trate dun rexistro copiado da propia base de datos da Rede de Bibliotecas de Galicia, o 040 quedará como calquera dos rexistros novos. *Actualizanse tanto a data de catalogación coma a data de entrada no sistema*

Bibliográfico orixinal:

040 PO(V)-BPC\$bspa\$cC(S)-CBG\$dNORCONSULTMCC

Bibliográfico copiado:

040\$aC-OL\$bglg

Bibliográfico orixinal

040 IGA\$bglg\$cC. Documentación IGAEM

Bibliográfico copiado:

040 #aC-OL\$bglg

041 CÓDIGO DE LINGUA (NR)

Este campo contén códigos alfabéticos de tres letras para as linguas relacionadas cun documento cando o campo 008/35-37 (código de lingua) non basta para dar unha información completa no caso de documento multilingüe ou no caso dunha traducción.

Este campo emprégase cando se dan unha ou máis das seguintes condicións:

- O documento contén máis dunha lingua
- O documento é ou inclúe unha traducción
- A lingua dos sumario, resumes ou material anexo é distinta da lingua do documento principal

Indicadores:

<i>Primeiro</i>	0	O documento nin é nin inclúe traducción
	1	O documento é ou inclúe traducción
<i>Segundo</i>	#	Non definido

Subcampos:

\$a Código de lingua do texto (NR)

Este subcampo contén os códigos das linguas asociadas ó documento. O primeiro código de lingua deste subcampo codifícase tamén na posición 008/35-37 (código de lingua).

Exemplo:

008/35-37 eng

041 0#\$aengfreger [o texto está en inglés, francés e alemán]

Nas obras multilingües os códigos das linguas do texto codifícanse segundo a orde de predominancia no texto. Se ningunha lingua é predominante, os códigos codifícanse por orde alfabética. Exemplo:

008/35-37 spa

041 0#\$aspaeng [O documento está en español (lingua predominante) e inglés]

Se hai máis de 6 linguas codifícanse o código do título (o do primeiro, se hai máis de un) e o código mul. Exemplo:

008/35-37 eng

041 1#\$aengmul [Texto en máis de 6 linguas con título en inglés]

\$h Código de lingua orixinal (R)

Este subcampo contén o código de lingua da obra orixinal no caso das traducións.

Exemplos:

008/35-37 eng

041 1#\$aeng\$hfre [O texto é unha tradución inglesa dunha obra orixinal en francés]

080 CDU (R)

Este campo contén unha notación da CDU. É un campo repetible para asignar varias notacións a un documento.

Usaremos as notacións completas (número principal e auxiliares) de: CDU: Clasificación Decimal Universal. AENOR, 2000

Indicadores:

Primeiro

Non definido

Segundo

Non definido

Subcampos:

\$a Notación da CDU (NR)

Este subcampo contén a notación completa.

Considerando o carácter enciclopédico e xeral das coleccións das bibliotecas públicas é recomendable non formar notacións moi extensas, máis propias de bibliotecas especializadas.

Pautas para a utilización dos auxiliares:

1. Auxiliares comúns de lingua : Non os utilizaremos.

2. Auxiliares comúns de forma : Úsanse conforme á taboa Id da CDU e debe ter o seu equivalente no encabezamento de materia correspondente. Usarase sempre como auxiliar de forma o (05), independentemente de si se trata dun periódico, revista ou boletín oficial

Exemplo: 245 00\$aÁreas:\$brevista de ciencias sociales
080 00\$a3(05)

3. Auxiliares comúns de lugar

Úsanse conforme ás tablas da CDU, cos seguintes niveis de especificidade:

-Obras de Depósito Legal galego (colección = d) usaremos:

Provincia + extensión alfabética de cidade : (460.111 Noia).

A extensión alfabética irá separada por un espazo da notación numérica, e levará o topónimo en galego

-Obras publicadas en España : Descenderase ata a provincia.

Ex.: Unha obra sobre os museos de Madrid : 069(460.27)

- Resto do mundo : Somentes o país

Ex.: Arte en París : 7(44)

4.Auxiliares comúns de razas e pobos : Non se utilizan

5.Auxiliares comúns de tempo: Empregaremos:

-Séculos, para épocas históricas ou cando a obra abarca máis dun século

-Anos, para os feitos máis concretos.

6.Auxiliares comúns de punto de vista: Non se utilizan

Normas de transcripción:

-Non deixar espazos entre os números e os auxiliares.

-Cando a notación incorpora términos alfabéticos deben separarse cun espazo en branco dos numéricos.

-Cando unha notación é dobre, relacionada por dous puntos (::) debe desenvolverse unha segunda entrada invertindo a orde dos números principais.

1XX Encabezamentos principais - Información xeral

100 Encabezamento principal - Nome de autor persoal

110 Encabezamento principal - Nome de entidade

111 Encabezamento principal - Nome de congreso

130 Encabezamento principal - Título uniforme

*É importante que **antes de crear un encabezamento de autor novo, se comprobe a súa existencia no índice de autor da base de datos**

*Asímesmo é importante que antes de gravar os rexistros se **verifiquen os encabezamentos**

100 ENCABEZAMIENTO PRINCIPAL - NOME DE AUTOR PERSOAL (NR)

Contén un nome de persoa usado como encabezamento principal. Este asígnase normalmente, de acordo coas distintas regras de catalogación, á persoa que é a principal responsable da obra.

En publicacións seriadas utilízase só cando tódolos fascículos están escritos na súa totalidade pola mesma persoa. Exemplo:

008 021211m18911893sp mr p |0 |spa nas a
022 1577-3515
080 821.134.2"18"
100 1 Pardo Bazán, Emilia, |cCondesa de
245 10 Nuevo teatro crítico / |cde Emilia Pardo Bazán
260 0 Madrid : |bLa España Editorial, |c1891-1893
310 Mensual
362 0 Año 1, n.1 (1891) - Año 3, n. 30 (dic. 1893)
650 04 Literatura española |vPublicaciones periódicas

Indicadores:

Primeiro Tipo de nome de persoa

0 Nome en orde directo

Úsase para Santos, reis, papas ... coma persoas; nomes que son só iniciais; frases que identifican a un autor. Exemplos:

100 0# \$aJuan Pablo\$bII\$c, Papa

100 0# \$aJuan Carlos\$bI\$c, Rei de España

100 0# \$aCaballero Audaz

100 0# \$a J.M.F.

1 Apelido/s con ou sen nome

Úsase para nomes con un ou varios apelidos seguidos ou non dun nome de pila.

Exemplos:

100 1# \$aAlmeida,Julio Lopes de

100 1# \$aCervantes Saavedra, Miguel de

100 1# \$aRivas, Manuel

100 1# \$aRodríguez, Aurora\$q(Rodríguez Sánchez)

3 Nome de familia

Este valor indica que o elemento inicial é un nome de familia, clan, dinastía, casa ou grupo. O nome pode presentarse en onde directa ou inversa.

Exemplos:

100 3#**\$a**Austria, Casa de

100 3#**\$a**Bardaxí (Familia)

Segundo

Non definido

Subcampos:

\$a Nome de persoa (NR)

Contén o nome de autor persoal. O nome pode ser apelido, nome de pila, letras, iniciais, frases, nomes de familia, ...

Os calificadores: Familia, Casa de, Linaxe ... acompañarán ó nome de familia no mesmo \$a entre paréntese.

\$b Numeración (números asociados ó nome) (NR)

Contén un número romano seguido ou non dunha parte do nome de pila. Úsase para nomes de Reis, Papas, etc., sendo polo tanto o primeiro indicador 0.

Nos casos nos que os nomes pertencen a outra categoría diferente á antedita e leven numeración tanto arábica coma romana, esta numeración irá indicada no \$c.

Exemplos:

100 0#**\$a**Juan**\$b**XXIII,**\$c**Papa

\$c Títulos e outras palabras asociadas ó nome (R)

Contén un termo co cal se califica a un nome de persoa. Inclúense neste subcampo:

-Títulos e palabras que denotan rango, cargo ou nobreza (Cardenal, Marqués, etc.)

-Termos de tratamento

-Iniciais de grao académico

-Números romanos (só cando o elemento inicial corresponde a un apelido)

-Outras palabras ou frases asociadas ó nome (Santo, El Joven, etc.)

-Os calificadores creados por nós **para diferenciar autoridades** (Economista, Xuíz, etc.). Neste caso o calificativo irá entre paréntese e en galego.

Exemplos:

100 1#\$aSaavedra, Pedro**\$c**(Xuíz)

100 0#\$aTomás de Aquino,**\$c**Santo

100 0#\$aJuan Manuel,**\$c**Infante de Castilla

No caso de ter que engadir varios calificativos a un nome, gravaranse todos nun único subcampo \$c, a non ser que tiveran que levar información intercalada, caso no que si repetería o subcampo.

\$d Datas asociadas ó nome (NR)

Úsase para indicar as datas de nacemento e morte dun autor. Darémolas nos casos de homonimia.

Exemplos:

100 1#\$aDumas, Alexandre**\$d**(1802-1870)

\$q Forma desenvolvida do nome (NR)

Úsase para desfacer as chamadas homonimias aparentes e diferenciar así autoridades. Exemplos:

100 1#\$aCastillo Ferrando, J.R.**\$q** (Juan Ramón)

Norma de transcripción: entre o \$q e o primeiro paréntese ten que haber un espacio.

O resto dos subcampos incluídos no campo 100 non se cubrirán.

Reglas ortográficas:

1. As iniciais codifícanse cos puntos e cun espacio en blanco entre elas
2. As maiúsculas acentúanse sempre
3. Non deixar espazos entre os guions das datas nin dentro dos parénteses.

REDACCIÓN DAS AUTORIDADES

As autoridades redactaranse segundo as pautas marcadas na RCE 15.1 para nomes de persoas. Seguiranse no posible os seguintes criterios:

1. Elixir a forma do nome pola que é comunmente coñecida. No caso dos autores galegos, elixirase a forma galega se é a mais utilizada.
2. Un ou dous apelidos: respectar a intención do autor (Ex. Rivas, Manuel e non Rivas Barros, Manuel).
3. Varios nomes distintos: Cando non poida determinarse cal é o nome máis coñecido escollerase un, segundo a seguinte orde de preferencia:

*A forma que figure con mais frecuencia nos textos do autor

*Se existe dúbida, a que apareza con mais frecuencia nas obras de referencia

*Se segue existindo dúbida, elixirase o último utilizado

4. Distintas formas dun mesmo nome: Cando as formas dun nome varían (extensión, variacións alfabéticas, etc) escollerase a que apareza con maior frecuencia. Se ningunha predomina, escollerase a última que usara a persoa; se non se sabe cal foi a última utilizada, escollerase a forma máis completa das utilizadas.
5. Homonimias: Diferenciar nomes de persoa que son iguais pero que corresponden a persoas distintas. Para desfacer a homonimia engadiremos (por esta orde):

*no **\$d** as datas de nacemento e/ou morte. Exemplo:

100 1#\$aAlvarez, José \$d(1903-1958)

*o parentesco: (pai) (fillo) no **\$c**. Exemplo:

100 1#\$aCuevas, José de las \$c(Pai)

100 1#\$aCuevas, José de las \$c(Fillo)

*a profesión: (biólogo) no **\$c**. Exemplo:

100 1#\$aGonzález Fernández, Francisco \$c(Enxeñeiro)

100 1#\$aGonzález Fernández, Francisco \$c(Biólogo)

Tódolos calificativos creados por nós redactaranse en galego. Para o resto dos calificativos teremos en conta os apartados 15.1.2 B... das Reglas de Catalogación.

Nas chamadas Homonimias aparentes (aquelas que se producen entre nomes que presentan formas abreviadas: iniciais, omisión dun elemento do nome propio ou do apelido), desenvolverase a forma completa, se se coñece, entre parentese, o final do encabezamento autorizado (**\$q**). Deste xeito respéctase o desexo do autor de firmar baixo unha determinada forma pero ofrécese información adicional ó usuario para distinguir nomes idénticos.

Exemplos:

100 1#\$aRuiz Fernández, J.L.\$q (José Luis)

100 1#\$aRuiz Fernández, J.L.\$q (Juan Luis)

6. Seudónimos:

-Un só seudónimo: Se a persoa usa un só seudónimo para ocultar o seu verdadeiro nome, escolleremos como autoridade o seudónimo, xa que é a forma que o autor utiliza sempre para firmar as súas obras. A autoridade redactarase en orde invertida se o seudónimo ten forma de nome e apelidos, e en orde directa, en caso contrario.

Exemplos:

100 1#\$aMercé, José | c(Seud. de Soto Soto, José)

(José Mercé é o seudónimo utilizado polo cantaor José Soto nos seus discos)

100 0#\$aStendhal | c(Seud. de Beyle, Henri)

(Stendhal é o seudónimo utilizado polo escritor Henri Beyle)

-Varios seudónimos: No caso de que un autor firme con un ou varios seudónimos, ou con un nome real e varios seudónimos, podemos atoparnos con dúas posibilidades:

a) Que predomine un dos nomes baixo os que firma ou é coñecido. Neste caso elíxese de entre todos o nome que máis prevaleza. Para determinar a autoridade establécese a seguinte orde:

- Nome que prevaleza nas últimas edicións das súas obras
- Nome que predomine nas obras de crítica
- Nome que se cite nas fontes de referencia

Exemplos:

100 1#\$aLarra, Mariano José

(Larra utilizou varios seudónimos pero o seu nome real predomina claramente no conxunto total da súa obra)

100 1#\$aDinesen, Isak

(Esta escritora utilizou para firmar as súas obras varios seudónimos, ademais do seu nome real. De tódalas formas empregadas predomina o seudónimo de Isak Dinesen)

b)Que o autor utilice varios seudónimos ou o seu nome e un ou varios seudónimos e non teña preferencia por ningún de entre todos os que utiliza. Neste caso aceptaremos como autoridade tódolos nomes utilizados.

Exemplos:

100 1#\$aDay-Lewis, C.

100 1#\$aBlake, Nicholas

(Este autor firma as súas obras tanto co seu nome real como co seudónimo, sen que predomine ningún)

-Seudónimos colectivos: Cando varios autores participan na elaboración dunha mesma obra e non firman de maneira individual, senón que reúnen os seus nomes baixo un seudónimo, escolleremos como autoridade o seudónimo.

Exemplos:

100 0#\$aErckmann-Chatrion

Erckmann-Chatrion é o seudónimo colectivo de Emile Erckmann e de Alexandre Chatrion.

Termos dúbidosos que debemos incluír nos Campos X00 (100, 600, 700)

- Casas de nobreza
- Casas reais
- Clans
- Dinastías
- Familias
- Nomes de persoaxes bíblicas (non deuses)
- Autoridades máximas na súa calidade de persoas (non en razón do seu cargo)

Contén un nome de entidade coma encabezamento principal, asignándose de acordo coas Regras de Catalogación.

Considéranse coma entidades os entes colectivos, é dicir, as organizacións, institucións, empresas, gobernos e os seus organismos dependentes, planos e programas, igrexas, assembleas, etc., aínda de carácter temporal, que teñan un nome polo que sexan formalmente identificados.

Estas entidades poden ser punto de acceso para un asento principal cando sendo responsables total ou parcialmente dunha publicación se dean, ademais, as condicións necesarias para encadrar dita publicación dentro dun ou varios dos seguintes grupos:

a) Publicacións de carácter administrativo relacionadas:

- Coa propia entidade
- Coas súas actividades e réxime interno
- Coa súa actividade económica
- Cos seus directivos e demais persoal
- Cos seus recursos (catálogos, inventarios, relacións de socios)

b) Disposicións legais e publicacións oficiais tales como:

- Leis
- Decretos con forza de lei
- Disposicións administrativas
- Tratados internacionais
- Sentencias xudiciais
- Diarios de sesións parlamentarias

c) Publicacións que recollan o pensamento colectivo da entidade (informes ou estudos de comisións, xuntas, etc., comunicacións oficiais sobre relacións con outras persoas ou entidades; nunca unha mera análise obxectiva de feitos e datos).

d) Publicacións que recollan a actividade colectiva dunha assemblea (actas, resolucións, etc.), unha expedición, un acontecemento (exposición, feira, festival, etc.), sempre que teña un nome distintivo e este apareza expresa e formalmente na portada, nos demais preliminares ou na cuberta. Exemplos:

245 00\$aBoletín de la Real Academia de la Historia

650 6\$aHistoria

710 21\$aReal Academia de la Historia (Madrid) *(Publica estudios de diversos autores. Asento principal baixo o título e secundario encabezado pola Academia)*

110 21\$aReal Academia de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales (Madrid)

245 00\$aAnuario de la Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales

(Contén só datos sobre a organización da Academia e sobre os académicos. Asento principal encabezado pola Academia)

Indicadores:

Primeiro Tipo de nome de entidade

1 Nome de xurisdicción como elemento inicial

110 1#\$aOurense (Provincia)

2 Nome da entidade en orden directo

110 2#\$aUniversidade de Santiago de Compostela

Segundo

Non definido

Subcampos:

\$a Nome da entidade ou xurisdicción como elemento inicial (NR)

Neste dólár irá o nome da entidade que actúa como encabezamento principal: un nome de xurisdicción (indicador 1) se entra por ela, ou o nome da propia entidade (indicador 2) cando entra directamente.

Exemplos: 110 1#\$aGalicia . \$bConsellería de Cultura

110 2#\$aPalacio Real (Madrid)

O nome da sede da entidade vai no mesmo \$a. Non se codifica no \$c.

\$b Entidade subordinada (R)

Neste dólár irá a entidade dependente. No caso de que a entidade entre por xurisdicción, o nome propio da entidade tamén vai neste dólár.

Exemplos:

110 1#\$aA Coruña (Provincia). \$bDeputación Provincial. \$bSección de prensa

110 2#\$aUniversidade de Santiago de Compostela. \$bBiblioteca

\$c Lugar, sede do congreso (NR)

Neste dólár irá o o lugar de celebración do congreso naqueles casos que entren por entidade. **Non se usa** para codificar a sede dunha entidade, que vai a continuación do nome da entidade entre paréntese, no mesmo \$a.

\$d Data do congreso ou da firma dun tratado (R)

Consignaremos a data de celebración do congreso, tamén para cando entre por entidade. Pode conter tamén a data de firma dun tratado.

\$n Número do congreso (R) / Número de parte ou sección da obra (R)

Consignaremos o número de orde do congreso, tamén para aqueles congresos que entren por entidade.

Exemplos:

- 110 2#**\$a**Asociación de Periodistas Europeos.**\$b**Seminario Internacional**\$d**(1990.**\$c**Toledo)
- 110 2#**\$a**Sociedad Española de Bioquímica.**\$b**Congreso nacional**\$n**(31°.**\$d**1993.**\$c**Vigo)

COMO REDACTAR AS AUTORIDADES

-As autoridades redactaranse seguindo as pautas marcadas nas R.C. no capítulo 15.2 para entidades e as especificacións que veremos a continuación.

-**Nome da entidade** : como norma xeral, elixiremos a forma pola que sexa máis coñecida e na súa lingua oficial. Se unha entidade presenta distintos nomes ou variantes do mesmo nome elixiremos a autoridade aplicando o seguinte criterio:

*Elixirase a forma que predomine nas publicacións da entidade (nome oficial)

*Se figura de varias formas, elixirase a forma que apareza máis destacada.

*Se hai dúbida ou non aparece ningunha forma máis destacada, elixirase a forma máis breve.

Cando unha entidade cambia o seu nome o longo da historia, segundo as RCE habería que crear unha autoridade para cada unha dos nomes. Sen embargo, para simplificar o proceso, na Rede de Bibliotecas de Galicia adoptaremos como norma que a forma autorizada sexa sempre a última.

110 2#**\$a**Universidad Complutense de Madrid

ENON

110 2#**\$a**Universidad Central (Madrid) (aínda que no libro figure así consignaremos a anterior por ser a última)

110 1#**\$a**Galicia**\$b**Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo

ENON

110 1#**\$a**Galicia**\$b**Consellería de Cultura e Deportes, ou

110 1#**\$a**Galicia**\$b**Consellería de Cultura e Benestar Social, ou

110 1#**\$a**Galicia**\$b**Consellería de Educación e Cultura (aínda que na publicación figure calquera destas formas consignaremos a primeira por ser a última)

-**Lingua**: Como norma xeral elixiremos a lingua oficial da entidade. Se a entidade ten máis dunha lingua oficial, como sucede nos organismos internacionais, e unha delas é o español, utilizaremos a lingua española.

Exemplos:

110 2# \$aBritish Library

110 2# \$aAgencia de la Energía Nuclear

E NON

110 2# \$aAgence pour l'énergie nucléaire, ou

110 2# \$aNuclear Energy Agency

-Comunidades Autónomas : As autoridades de entidades de comunidades autónomas redactaranse na lingua propia da comunidade. Por suposto, para **organismos e entidades galegas** a forma autorizada será, sempre que se coñeza, a galega, aínda que non apareza así na obra que temos na man.

Os organismos autónomos, entidades e sociedades públicas galegas entran directamente (non van precedidos do nome do lugar sobre o que exercen a súa xurisdicción).

Exemplos:

110 1# \$aCataluña.\$bConselleria d'Economia

E NON

110 1# \$aCataluña.\$bConsejería de Economía

110 1# \$aGalicia.\$bConsellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo

E NON

110 1# \$aGalicia.\$bConsejería de Cultura, Comunicación Social y Turismo

110 2# \$aInstituto Tecnolóxico de Galicia

E NON

110 2# \$aInstituto Tecnolóxico de Galicia

(*E non Galicia. Instituto Tecnolóxico de Galicia*)

-As **entidades non administrativas, legislativas, etc.** deberan levar a continuación e entre paréntese o nome xeográfico da sede, con excepción daqueles nos que a sede xa forma parte do nome da entidade. Levarán como sede o nome do país, comunidade autónoma, etc. aquelas entidades que teñan competencias como tales dentro desa xurisdicción.

Estes nomes xeográficos redactaranse utilizando a forma española ou a galega, segundo corresponda, cando exista e sexa de uso común. Se non existe unha forma española establecida, o nome xeográfico anótase na lingua do país onde estea o lugar.

Exemplos:

110 2# \$aBritish Museum (Londres)

110 2# \$aUniversidade de Santiago de Compostela

110 2# \$aMuseo de Arte Abstracto Español (Cuenca)

110 2# \$aBiblioteca Nacional (Argentina)

110 2# \$aMuseu d'Art Modern (Tarragona)

Para os **topónimos** seguiremos:

*toponimos galegos: Nomenclator de Galicia (Web da Xunta:
<http://www.xunta.es/nomenclator/index.htm>)

*toponimos españois e estranxeiros: Tesouro Isoc de Toponimos, 2ª ed., 1996.,
consultable en Internet no seguinte enderezo:
<http://pci204.cindoc.csic.es/tesauros/Toponimo/Toponimo.htm>
Cando o nome xeográfico inclúa un artigo inicial manterémolo como elemento inseparable
do mesmo: A Coruña, Las Palmas, Los Ángeles

-Uso de maiúsculas e minúsculas: Irán en maiúsculas as iniciais de cada palabra do
nome da entidade que non sexa artigo ou preposición excepto as autoridades de entidades
francesas e italianas nas que se porá en maiúscula só a inicial da primeira palabra do nome
da entidade, ademáis dos nomes propios que inclúa. Exemplos:

110 2#\$aAmerican Academy of Arts and Sciences
110 2#\$aIstituto di studi sulla ricerca e documentazione scientifica
110 2#\$aMusée cantonal des beaux-arts Lausanne

Termos dúbidosos que debemos incluír nos Campo X10 (110, 610, 710):

- Abadías
- Academias
- Acuarios
- Aduanas
- Aeroportos
- Arboretos
- Asilos
- Asteleiros
- Auditorios
- Autoridades portuarias
- Avións con nome propio
- Balnearios
- Bancos
- Baños públicos
- Barcos
- Bares
- Bibliotecas
- Bolsas de valores
- Cámaras de comercio
- Campos de concentración
- Capillas
- Capitolios
- Casas
- Casas da moeda
- Casinos
- Castelos

- Catedrais
- Cecas
- Cemiterios
- Centrais eléctricas
- Centrais nucleares
- Centros cívicos
- Centros comerciais
- Centros comunitarios
- Centros de convencións
- Centros de inmigración
- Centros de investigación
- Centros de reinserción
- Cines
- Clínicas
- Club de campo
- Coleccións, públicas ou privadas
- Colexos
- Coliseos
- Comisaría de policía
- Compañías de teatro
- Complexos turísticos e recreativos
- Concellos
- Conventos
- Correccionais
- Crematorios
- Denominacións relixiosas
- Depósitos de cadáveres
- Dispensarios médicos
- Distritos escolares
- Edificios de oficinas, vivendas, organizacións, etc.
- Edificios privados
- Embaixadas
- Emisoras
- Entidades eclesiásticas que tamén son nomes de lugar
- Escolas
- Estacións biolóxicas
- Estacións de autobuses, ferrocarril, etc.
- Estacións de servizo
- Estacións ecolóxicas
- Estacións experimentais
- Estadios
- Fábricas
- Faros
- Ferrocarrís
- Fincas
- Fondos financeiros
- Fundacións
- Funerarias
- Galerías
- Grupos de empresas
- Grupos industriais

- Herbolarios
- Hipódromos
- Hospicios
- Hospitais
- Hoteis
- Igrexas
- Institucións educativas
- Laboratorios
- Mansiones
- Mercados
- Mosteiros
- Moteis
- Muíños
- Museos
- Observatorios
- Oficinas de correos
- Ordes de Cabalería
- Orfanatos
- Pagodas
- Parques de bombeiros
- Pazos
- Plans (só os constituídos coma entidades)
- Planetarios
- Polideportivos
- Prisións
- Programas (só os constituídos coma entidades)
- Proxectos (só os constituídos coma entidades)
- Residencias de anciáns
- Residencias oficiais
- Restaurantes
- Salas de baile
- Salas de concertos, exposicións, festas, etc.
- Sanatorios
- Satélites artificiais
- Satélites de comunicacións
- Sectas relixiosas
- Sellos discográficos
- Silos
- Tanatorios
- Teatros
- Templos
- Tendas
- Tribunais
- Tribus (só como entidades legais)
- Universidades
- Vehículos espaciais
- Vilas
- Vivendas
- Xardíns botánicos
- Ximnasia
- Zoos

111 ENCABEZAMIENTO PRINCIPAL – NOME DE CONGRESO (NR)

Este campo contén un nome de congreso, conferencia, exposición, festival, etc. utilizado como punto de acceso principal. Cando entren polo nome dunha entidade (RCE 15.2.4 B b) codificaranse no campo 110.

Indicadores:

Primeiro Tipo de nome de congreso

2 Nome do congreso en orde directo

Segundo

Non definido

Subcampos:

\$a Nome do congreso ou nome da xurisdicción como elemento inicial (NR)

Úsase só para o nome formal do congreso, etc. ata a primeira puntuación, sen incluír a información de ano, lugar, etc.

\$c Lugar, sede do congreso (NR)

Para codificar o lugar de celebración do congreso.

\$d Data do congreso ou da sinatura dun tratado (NR)

Para a data de celebración do congreso.

\$e Entidade subordinada (R)

Este dólar é para codificar unha sección do congreso, asamblea, etc. que se celebre separadamente. Exemplo:

111 **2#****\$a**EXPO`92**\$c**(Sevilla).**\$e**Sección española

\$n Número do congreso (R)

Únicamente para o número de orde do congreso, etc.

Exemplos:

111 **2#****\$a**Congreso sobre José Zorrilla**\$d**(1993.**\$c**Valladolid)

111 **2#****\$a**Premio de Pintura Durán **\$n**(3°.**\$d**1985.**\$c**A Coruña)

111 **2#****\$a**Biennale di Venezia**\$d**(1980).**\$e**Settore arti visive

111 **2#****\$a**Semana de Estudios Medievales**\$c**(La Rioja)

111 **2#****\$a**Congreso sobre García Lorca en Galicia**\$d**(1998.**\$c**Santiago de Compostela)

Termos dubidosos que debemos incluir nos X11 (111, 611, 711):

- Acontecementos deportivos
- Carreiras (competicións)
- Celebracións e conmemoracións públicas
- Certames
- Coloquios
- Competicións deportivas
- Concursos
- Desfiles
- Exhibicións
- Expedicións científicas
- Expedicións militares
- Exposicións
- Feiras
- Festas populares
- Festivais
- Festas e celebracións (non organizadas formalmente)
- Mesas redondas, talleres
- Seminarios (reunións)
- Simposios
- Xogos (eventos)
- Xogos olímpicos

210 TÍTULO ABREVIADO (NR)

Este campo contén o título dun documento de forma abreviada para facilitar a indización ou identificación. É asignado polos centros ISSN e baséase no título clave (222).

Indicadores

Primeiro

0 (Non faremos asento secundarios)

Segundo

(Título clave abreviado)

Subcampos

\$a Título abreviado (NR)

Este subcampo contén todo o título abreviado. Exemplo:

210 0#\$aEval. tecnol. sanit.

222 #0\$aEvaluación de tecnologías sanitarias

\$b Información adicional (NR)

Cando esta información adicional figura no título clave engádese a mesma información ó campo 210 na forma abreviada apropiada (sempre entre paréntese). Exemplo:

210 0#\$aAcción educ.**\$b**(Madr.)

222 #0\$aAcción educativa**\$b**(Madrid)

222 TÍTULO CLAVE (R)

Este campo contén un título único que se asigna a unha publicación seriada xunto cun número ISSN que se rexistra no campo 022. O título clave fórmase a partir da información sobre o título transcrita dun fascículo dunha publicación seriada e constrúese con calificadores para facelo único en caso de que sexa necesario. Asígnano os centros nacionais baixo os auspicios da rede ISSN.

Indicadores

Primeiro

Non definido

Segundo

0-9 Caracteres que non alfabetizan

Este indicador contén un valor que indica o número de caracteres do principio dun título que non se teñen en conta na indización e alfabetización. Poden ser artigos determinados ou indeterminados e calquera diacrítico ou carácter especial.

Subcampos

\$a Título clave

Este subcampo contén o título clave. Exemplo:

222 #0\$aExpansión internacional
245 00\$aExpansión internacional:\$bactualidad de los mercados exteriores
/\$cICEX

\$b Información adicional

Este subcampo contén unha información que califica ó título e o fai único. Sempre se encerra entre parénteses. Exemplo:

222 #4\$aThe journal of urology\$b(Edición española)
245 04\$aThe journal of urology:\$bpublicación oficial de la Asociación Americana de Urología

245 MENCIÓN DE TÍTULO (NR)

Este campo contén a área de título e mención de responsabilidade dun rexistro bibliográfico, que consiste no título propiamente dito (\$a), o resto do título (\$b), información complementaria sobre o título (\$b) e a mención de responsabilidade/resto de transcripción da portada (\$c).

Indicadores:

Primeiro **Asento secundario do título**

- 0** Non hai asento secundario (para as obras sen encabezamento principal 1XX)
1 Hai asento secundario

Segundo **Carácteres que non alfabetizan**

- 0-9** Número de carácteres que non alfabetizan
Úsase para especificar os caracteres que se ignoran na alfabetización. Hai que contar, ademáis do número de caracteres do artigo, o espacio, puntuacións e signos diacríticos que preceden á primeira palabra significativa
Exemplos:
245 00\$aArena:\$brevista catalano-alemanya

Subcampos:

\$a **Título (NR)**

Este subcampo contén o título propiamente dito e calquera título alternativo. Quedan excluídos:

- A mención de número de parte/sección e o nome de parte/sección.
 - Os títulos paralelos ou calquera información complementaria sobre o título.
- En termos ISBD o subcampo \$a inclúe toda a información que se atopa ata o primeiro signo de puntuación ISBD, é dicir:
- un signo igual (=)
 - dous puntos (:)
 - unha barra (/)
 - un punto e coma (;)
 - a designación de material (ex. [Microforma])

Exemplos:

245 00\$aEncrucillada\$b: revista galega de pensamento cristián

245 00\$aAnnales de chimie ou Recueil de mémoires concernant la chimie et les arts qui en dépendant et specialment la pharmacie

246 00\$aRecueil de mémoires concernant la chimie et les arts qui en dépendant et specialment la pharmacie

245 00\$aAnales de química\$nSerie A\$pQuímica física y química técnica

\$b Resto do título (información complementaria e títulos paralelos) (NR)

O \$b contén o resto do título, que inclúe:

- Os títulos paralelos
- Os títulos que seguen ó primeiro (en obras sen título colectivo)
- Información complementaria sobre o título

En termos ISBD este subcampo contén tódolos datos que seguen ó primeiro signo de puntuación ISBD ata a barra (/) que introduce a mención de responsabilidade.

O \$b **non é repetible** o que supón que cando hai máis dun título paralelo e/ou subtítulo, gravaranse uns a continuación dos outros, repetindo a puntuación ISBD as veces que sexa necesario.

Exemplo:

245 00Mediterráneo :\$bboletín = Mediterranée : bulletin = Mediterráneo : bolletino

\$c Primeira mención de responsabilidade; resto da trascripción da portada (NR)

Este subcampo contén a mención de responsabilidade e o resto de datos que non foron codificados nos subcampos anteriores.

Nos rexistros creados dacordo coas regras ISBD o subcampo \$c contén tódolos datos que seguen á barra (/).

O sistema xenera automaticamente a barra da primeira mención de responsabilidade. A puntuación das seguintes mencións temos que consigna nós.

IMPORTANTE;

Unha vez consignado un subcampo \$c xa non se pode incluír ningún outro subcampo do campo 245, posto que é o derradeiro campo deste área.

\$h Tipo de material (NR)

Contén un termo indicador do tipo de material utilizado. Indícase entre corchetes e vai a continuación do título propiamente dito (subcampos \$a, \$n e \$p) e precede ó resto do título (\$b) e/ou á mención de responsabilidade (\$c). Exemplo:

245 00\$aCuadernos de documentación multimedia\$h[Recurso electrónico]

\$n Número da parte ou sección da obra (R)

Neste subcampo rexístrase o número da parte ou sección da obra. Por número hai que entender unha indicación do tipo: Parte I, Primeira parte, I, etc.

En termos ISBD este subcampo vai precedido dun punto (.). As numeracións múltiples alternativas para unha parte ou sección danse nun único subcampo \$n.

\$p Nome da parte ou sección da obra (R)

Neste subcampo codifícase o nome da parte ou sección da obra.

Nos rexistros ISBD este subcampo vai precedido dunha coma (,) se vai despois dun subcampo \$n, e dun punto (.) se aparece despois dun \$a ou outro subcampo \$p.

Exemplos:

245 00\$aAlerta informativa.\$nSerie A,\$pQuímica industrial.\$nA-4,\$pQuímica textil, plásticos y caucho

245 00\$aAlerta informativa.\$nSerie A,\$pQuímica industrial.\$nA-5,\$pOtros materiales no metálicos

246 VARIANTES DE TÍTULO (R)

Este campo contén as formas variantes do título asociadas co documento que se está describindo. Estas variantes inclúense no campo 246 só no caso de que difiran sustancialmente da mención do título do campo 245 e sempre que contribúan a unha maior identificación do documento.

Os artigos iniciais (ex. El, The, La, etc) en xeral non se inclúen no campo 246 a non ser que se queira que o artigo alfabetice, coma, por exemplo, os artigos dos nomes xeográficos.

Indicadores

Primeiro	Nota / asiento secundario controlado
0	Xenérase nota pero non asiento secundario de título
Segundo	Tipo de título

Este indicador contén un valor que especifica o tipo de título registrado no campo 246. Emprégase para xenerar unha visualizaciónn asociada que xeralmente precede ó título.

Non se especifica (non se dá información do tipo de título)

0 **Parte de título**

Este valor indica que o título que se dá no campo 246 é unha parte do título polo que se desexa acceder pero non se require que se xenere unha nota deste campo.

- Partes do título do campo 245, tales como os títulos de partes ou seccións (subcampo \$p); títulos alternativos (subcampo \$a) e partes do título propio ou do título abreviado ás que se desexa acceder (subcampo \$a). A parte do título transcríbese tal e como aparece. Exemplos:

245 00\$aAnales de física.\$nSerie A,\$pFenómenos e interacciones
246 00\$aFenómenos e interacciones

- Outra información do título cando o subcampo \$b do campo 245 consiste en iniciais ou nunha forma completa do título non considerada coma título propio:

245 00\$aFGL:\$bboletín de la Fundación Federico García Lorca
246 00\$aBoletín de la Fundación Federico García Lorca

- As formas alternativas ou extensas da mención do título (campo 245) ou as variantes do título (campo 246) cando conteñen términos coma ampersands, signos ou símbolos, os espazos ou a puntuación nas iniciais, números de datas ou palabras unidas por un guión ou compostas.

245 00\$aArts & humanities citation index
246 00\$aArts and humanities citation index

245 00\$aAHCI:\$bArts & humanities citation index
246 00\$aArts & humanities citation index
246 00\$aArts and humanities citation index

1 Título paralelo

Este valor indica que o título dado no campo 246 é un título paralelo, é dicir, un título noutra lingua para o que é aconsellable un acceso ou asento secundario. Se o campo 245 ten máis dun título paralelo faremos un campo 246 por cada un.

Exemplo:

245 00\$aCooperación internacional=\$bInternational cooperation
246 01\$aInternational cooperation

Nota:

Ó gravar os títulos paralelos, os subcampos \$n e \$p úsanse cando corresponde, aínda cando o título paralelo do campo 245 no estea codificado independentemente. Exemplo:

245 00\$aFAO yearbook\$pProduction=\$bFAO annuaire. Production = FAO
anuario. Producción
246 01\$aFAO annuaire\$pProduction
246 01\$aFAO anuario\$pProducción

2 Título distintivo

Este valor indica que o título que se da no campo 246 é un título distintivo. Os títulos distintivos son uns títulos especiais que figuran, ademais do título normal, en algúns números do documento. O máis normal é que se atopen en documentos tales como memorias anuais, anuarios ou actas de congresos cando se dedica un número a un tema determinado. Non se deben confundir cos títulos individuais (analíticos) dentro dunha serie. Grávanse no campo 246 se o volume individual é difícil que sexa coñecido polo título especial.

Cun título distintivo úsase sempre o subcampo \$f.

Se moitos fascículos ou todos teñen títulos distintivos, pódese usar un campo 500 (Nota xeral) en lugar dun 246 para cada título.

3 Variante de título

Indica que o título do campo 246 é outro título que aparece no documento pero que non está determinado por ningún dos valores do segundo indicador.

Os outros títulos son:

- título do membrete editorial
- título de portadilla
- título da encuadernación
- título do colofón, etc.

Exemplo:

245 00\$aAnnual report /\$cThe Isaac Newton Group of Telescopes
246 03\$aIsaac Newton Group annual report

4 **Título da cuberta**

Indica que o título do campo 246 é un título da cuberta. É o título impreso nas cubertas orixinais dunha publicación ou estampada na encadernación do editor. Utilízase soamente cando a cuberta no é a fonte principal de información. Non hai que confundilo coa nota: *Título tomado da cuberta*, que se usa cando a cuberta substitúe á fonte principal de información.

Exemplo:

245 00\$aRevista de la Escuela Universitaria de E.G.B. de Toledo\$cUniversidad de Castilla-La Mancha

246 04\$aRevista de la Escuela Universitaria

5 **Título da portada adicional**

Este valor indica que o título do campo 246 é un título da portada adicional. Normalmente é un título noutra lingua que se atopa nunha portada que precede ou segue á portada utilizada como fonte principal ou nunha portada invertida ó final da publicación.

6 **Título da cabeceira**

Indica que é un título da cabeceira, que pode definirse como o título que encabeza a primeira páxina de texto.

7 **“Titulillo”, título da marxe**

Indica que o título do campo 246 é un titulillo, que é o título impreso na marxe superior ou inferior de cada páxina dunha publicación.

Exemplo:

245 00\$aAnnual report /\$cThe Isaac Newton Group of Telescopes

246 07\$aING annual report

8 **Título do lombo**

Este valor indica que o título do campo 246 é un título que figura no lombo da publicación. Debe ser un título dado polo editor e non polo encadernador da biblioteca.

Subcampos

Os subcampos **\$a**, **\$b**, **\$h**, **\$n** e **\$p** cúbrese coma no campo 245. Son específicos deste campo os seguintes:

\$f Designación do volume ou número e/ou data

Este subcampo contén as datas ou os números do volume que relacionan a variante de título co rexistro. Este subcampo non se utiliza cando o valor do segundo indicador sexa un 0 ou 1.

Exemplo:

245 00\$aRevista de la Escuela Universitaria de E.G.B de Toledo

246 04\$aRevista de la Escuela Universitaria\$fVol. 5 (1995)-

\$g Información miscelánea

Este subcampo contén información varia para a que non é apropiado ningún outro subcampo. Para esa información utilízase a frase "varía lixeiramente" entre parénteses e con minúscula.

Exemplo:

245 00\$aRevista de la Escuela Universitaria de E.G.B de Toledo

246 04\$aRevista de la Escuela Universitaria\$fVol. 5 (1995)-\$g(varía lixeiramente)

Este campo contén información relacionada coa edición dunha obra. A mención de edición ven determinada pola aplicación das regras de catalogación específicas para publicacións seriadas.

Nas publicacións seriadas este campo non se usa para mencións de edición secuenciais do tipo 1º ed. Esta clase de información vai no campo 362.

Indicadores:

Primeiro # Non definido

Segundo # Non definido

Subcampos:

\$a **Mención de edición (NR)**

\$b **Resto da mención de edición (NR)**

Cúbrense igual que nas monografías.

Neste campo gravarase a información relativa á publicación, impresión, distribución, aparición ou produción dunha obra.

Normas de transcripción:

1. **Abreviaturas**

-Debe consignarse o punto en tódalas abreviaturas que o leven.

-As abreviaturas empregadas neste campo e que van sempre en minúsculas e entre corchetes son:

[S.l.] (leva a S en maiúsculas) cando descoñecemos o lugar de publicación

[s.n.] cando descoñecemos o nome do editor

[i.e.] cando hai un erro

-D.L. escríbese coas dúas iniciais en maiúsculas e cos puntos, deixándo un espacio antes da data.

-As abreviaturas de copyright (cop.) e de impresión (imp.) sempre van en minúsculas deixando un espacio antes da data que lle segue, ó igual que no caso da data de D.L.

2. **Lugar de publicación**

-Transcribiremos o lugar de publicación na forma ortográfica e gramatical que apareza no documento e da maneira máis concisa posible. Exemplo:

Na fonte principal: En la ciudad de Madrid

Transcribiremos: Madrid

-Nunca daremos a traducción ó castelán entre corchetes dos **nomes xeográficos en lingua extranxeira** ou nalgunha das linguas españolas distintas do castelán:

Na fonte principal: Genf

Transcribiremos: Genf

Na fonte principal : Donostia

Transcribiremos : Donostia

-Dos nomes xeográficos en forma antiga daremos a forma moderna entre corchetes:

Na fonte principal : Mantuae

Transcribiremos: [Madrid]

-Cando na fonte principal de información se indiquen **varios lugares de publicación** ou distribución referidos a un mesmo editor ou distribuidor, daremos sempre o lugar máis destacado tipograficamente ou o primeiro se ningún destaca. Nunca usaremos a abreviatura etc. cando omitamos algún nome de lugar. Se as localidades mencionadas na fonte se refiren a distintos países e algunha delas radica en territorio español, farase constar tamén.

-Importante: **Ten que haber unha correspondencia entre o lugar citado no campo 260 e o código de país do campo 008.** O lugar registrado no campo 260, sexa na maneira que sexa (entre corchetes, con signo de interrogación, etc.) será o utilizado no campo 008. Cando consignemos [S.l.] nesta área empregaremos o código de país descoñecido no 008 (xx).

3. Nome do editor

-Expresaremos o nome do editor de forma concisa sempre que sexa suficiente para identificalo sen ambigüidade. Nunca daremos, entón, as seguintes mencións:

Santiago de Compostela: Universidad, ou

Madrid: El Autor

senón

Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela

Madrid: Fernando Ramos

-Nome de editor en máis dunha lingua ou escritura: Nunca daremos mencións de editor paralelas

Editoriais comerciais :

-Cando aparezan varios editores indicaremos sempre o que estea máis destacado tipograficamente. Se non hai un máis destacado, transcribiremos o que conste en primeiro lugar. Nunca empregaremos a abreviatura [etc.] para sinalar a omisión dos demais.

-Expresaremos o nome do editor de forma concisa, eliminando aqueles termos innecesarios para a identificación (editorial, grupo editorial, etc. e outros equivalentes nas distintas linguas).

Ex. Na fonte: Editorial Santillana

Transcribiremos: Madrid : Santillana

Pero:

Se hai nexos gramaticais, adxectivos xunto cos termos antes citados ou se produce ambigüidade, non se poderá omitir ningunha palabra:

Ex.: Buenos Aires: Editorial Juvenil, 1914

Editoriais non comerciais

-Cando unha entidade edite directamente transcribírase na área 4. Pero cando edite mediante outra dependente dela (departamento, servizo, etc.) e así se indique no documento, só se consignará a **entidade dependente** se o seu nome a identifica suficientemente.

Ex.: Na fonte: Madrid, Ministerio de Educación y Cultura, Dirección General de Bellas Artes y Bienes Culturales, 1997

Transcribiremos : Madrid: Dirección General de Bellas Artes y Bienes Culturales, 1997

Pero:

Na fonte: Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Departamento de Relaciones Internacionales, 1996

Transcribiremos: Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Departamento de Relaciones Internacionales, 1996

(porque o Departamento é un nome moi xenérico que podería pertencer a calquera organismo)

-Cando a entidade dependente requira a entidade principal para a súa identificación, non se farán constar as entidades intermedias aínda que estas consten na fonte.

Ex.: Na fonte: Salamanca, Departamento de Filología Clásica, Facultad de Filología, Universidad de Salamanca

Transcribiremos: Salamanca: Departamento de Filología Clásica, Universidad de Salamanca

-Cando o nome da entidade inclua o lugar de publicación repetirase o nome da localidade despois dos dous puntos (:):

Ex. Santiago de Compostela: Concello de Santiago de Compostela, Área de Cultura

E non

4. Data de publicación

-Se se describe unha publicación seriada completa consígnanse os anos de publicación dos volumes ou fascículos primeiro e último. Estas datas gardarán relación coas que aparecen na área de numeración e poden resultar idénticas.

-Se se describen publicacións en curso, faremos constar a data do primeiro volume ou fascículo, seguida de guión e sen deixar espazos en branco a continuación Exemplo:

260##\$aMurcia:\$bKriman,\$c1998-

Se tivesemos que consignar algunha información a continuación do \$c, entón deixaremos 1 espazo a continuación do guión (-):

260##[S.l. :\$bs.n.],\$c1994- \$e(Toledo :\$fArtes Gráficas)

-Cando non consta o ano de publicación no primeiro ou no último dos volumes ou fascículos utilizaremos o ano de impresión (imp.), de Depósito Legal (D.L.) ou de copyright (cop.) por esta orde.

Se non aparece ningunha data no documento nin podemos deducila doutras mencións como, por exemplo, da cronoloxía da revista.

NUNCA se deixará esta parte da descrición en branco, nin se porá a abreviatura de sinne anno (s.a.) senón que se intentará aproximar o ano de publicación ou un período cronolóxico máis amplo (RCE 1.4.6 F):

-poñendo antes a abreviatura “ ca.”

-pospoñendo o signo de interrogación

-ou mediante outra forma equivalente

Exemplos:

, [ca. 1782]

, [1895?]

, [entre 1790 y 1795]

-A data de publicación transcribírase en números arábigos tal e como figure no documento. Cando non se segue o cómputo gregoriano senón que se empreñan outros (hebreo, musulmán, etc.) transcribírase a data que conste na fonte pero a continuación será necesario consignar a súa data equivalente na era cristiá.

-Data de publicación incorrecta: transcribírase como apareza na publicación e poremos a continuación, entre corchetes e precedida da abreviatura “i.e.” a data correcta. Exemplos:

Na portada: Lima, Editorial Sextante, 1992

No verso da portada: 1ª impresión 1993

-As irregularidades na data de publicación indícaranse en nota.

Indicadores:

Primeiro # Non definido

Segundo # Non definido

Subcampos:

\$a Lugar de publicación, distribución, etc. (R)

Este subcampo contén o lugar de publicación e tódalas adicións ó nome de lugar. No caso de que teñamos que rexistrar máis dun lugar de publicación gravaremos cada un deles nun \$a. Exemplos:

260##London (Ontario)

260##Vigo;|aSantiago de Compostela

\$b Nome do editor, distribuidor, etc. (R)

Este subcampo contén o nome do editor e/ou distribuidor. Se temos que rexistrar varios nomes gravaremos cada un deles nun subcampo \$b. Exemplos:

|bF. Martín Asín :|bdistribuido por Paraninfo

\$c Data de publicación, distribución, etc. (R)

Este subcampo contén a data de publicación. Se a data de publicación vai seguida dalgunha especificación grávase todo seguido no mesmo \$c.

Se hai datas de volumes tamén se gravan no \$c separadas por guión. Exemplos:

|c1890 [i.e. 1980]

|cD.L. 1990-1996

\$e Lugar de fabricación, impresión, etc. (NR)

\$f Fabricante, impresor, etc. (NR)

\$g Data de fabricación, impresión, etc. (NR)

Segundo as Reglas de Catalogación son elementos opcionais agás que:

-Non se coñezan nin o lugar de publicación nin o nome do editor. Neste caso consignaremos entre parénteses o lugar de fabricación e o nome do fabricante. Exemplos:

260##[S.l. :**\$b**s.n.],**\$c**1994**\$e**(Toledo :**\$f**Artes Gráficas)

300 DESCRIPCIÓN FÍSICA

Este campo contén a descrición física do documento, que consta da extensión, dimensións, ilustracións e material anexo.

Rexistrámo-los datos seguindo as indicacións das Reglas de Catalogación.

Indicadores:

Primero # Non definido

Segundo # Non definido

Subcampos:

\$a Extensión (R)

O número de volumes ou outra designación de material (fasc., números, ...) só se fai constar en publicacións que cesaron. Nunca se indicará o número de unidades físicas “artificiais” creadas pola Biblioteca (volumen encadernados, caixas, etc). Exemplo:

300##\$a312 v.

Mentres a publicación estea en curso indicárase a designación específica do material precedida de 1 espacio. Exemplo:

300##\$a discos

300##\$a v.

\$b Outras características físicas (NR)

Nas publicacións seriadas as ilustracións son un elemento opcional posto que o máis normal é que existan como elemento habitual, agás cando sexan un elemento esencial da publicación caso no que se recomenda non omitilo.

Se tódalas ilustracións son en color exprésase coa abreviatura “il. col.”, pero se só son algunhas con “il. en col. y n.”

300##\$a v.:\$bprincipalmente il.

No caso dun tipo concreto de ilustracións (mapas, planos, etc.) exprésase directamente coa abreviatura normalizada nas Reglas de Catalogación, cando exista.

300##\$a v.:\$bmapas

\$c Dimensións (R)

Mídese en centímetros só a altura da cuberta. No caso de formatos máis anchos que altos indícase tamén o ancho.

\$e Material anexo (NR)

Do material anexo especificase o tipo de material e as unidades de que consta pero só cando este material acompañe habitualmente á publicación seriada. En caso contrario poderá sinalarse en nota.

300###\$a v. +\$ediapositivas

310 PERIODICIDADE ACTUAL (NR)

Contén a frecuencia actual dun documento e relaciónase coa información codificada do campo 008/18 (Frecuencia) e 008/19 (Regularidade). A data ou datas da frecuencia actual danse cando a data de comezo da periodicidade actual no é a mesma que a data de comezo da publicación.

Cando un documento deixa de publicarse, péchase a data da frecuencia actual, pero mantense no campo 310.

Este campo grávase integramente en galego xa que é unha nota. As periodicidades que varían respecto ó castelán son: Cuadrimestral e as que se expresan en números por ano.

Indicadores:

Primeiro

Non definido

Segundo

Non definido

Subcampos:

\$a Periodicidade actual

Este subcampo contén a mención completa, sen datas, da periodicidade actual.

310###\$aTrimestral

310###\$aIrregular

310###\$a6 n. ó ano

\$b Data de comezo da periodicidade actual

Este subcampo contén a data de comezo da periodicidade actual da publicación cando é distinta da data de comezo da publicación e cando no campo 321 figura unha periodicidade anterior.

Exemplo:

310###\$aTrimestral,\$b1995

321###\$aBimestral,\$b1987-1994

321 PERIODICIDADE ANTERIOR (R)

Contén a frecuencia que un documento tiña antes. Soamente se usa cando figura unha periodicidade actual no campo 310.

Este campo grávase integramente en galego xa que é unha nota. As periodicidades que varían respecto ó castelán son: Cuadrimestral e as que se expresan en números por ano.

Indicadores:

Primeiro

Non definido

Segundo

Non definido

Subcampos:

\$a Periodicidade anterior

Este subcampo contén a periodicidade que un documento tiña antes. Somentes se utiliza cando figura unha periodicidade actual no campo 310.

310###\$aTrimestral,\$b1995

321###\$aBimestral,\$b1987-1994

Cando se sabe que a periodicidade cambiou máis de 3 veces podemos utilizar neste campo a expresión “A periodicidade cambia”.

310###\$aMensual,\$b1984

321###\$aA periodicidade cambia,\$b1966-1983

\$b Datas da periodicidade anterior

Este subcampo contén a data da periodicidade anterior. Se empregamos a expresión “A periodicidade cambia” especificaremos as datas extremas das distintas periodicidades.

362 DESIGNACIÓN DE VOLUME OU NÚMERO E/OU DATA (R)

Este campo contén a **data ou datas de comezo e fin dun documento** e as mencións de secuencia utilizadas en cada parte. Fanse constar os números e/ou datas correspondentes ós fascículos primeiro e último (se é pechada) da publicación separados por guión, NON os da colección conservada na Biblioteca. Cando a publicación estea aínda en curso indicaremos a numeración só do primeiro.

Cando non se conte coa colección completa pódense utilizar fontes externas para obter a información, pero se a fonte non é fiable non cubriremos este campo. Neste caso podemos especificar nunha nota 500 os datos sobre numeración que consideremos oportunos, como: Comezou en/con, Cesou en/con, etc.

- A mención debe expresarse tal e como figura na publicación e coas abreviaturas normalizadas (RCE) e uso de maiúsculas do idioma en cuestión

3620#\$aBd. 1 (Jan. 1985)-Bd. 48 (Okt. 1990)

3620#\$aN. 1 (xan. 1995)-n. 24 (xuño 1997)

-Só se porá en maiusculas a primeira letra que inicia o campo.

- Non se poden dar datas aproximadas, teñen que ser coñecidas sempre con certeza. Se non é así non cubriremos este campo.

362 0\$a[1985?]- INCORRECTO;

Indicadores:

Primeiro

Forma de data

0

Normalizada

Sen normalizar (empregaremos este valor cando non dispoñamos do 1º e/ou último fascículo pero coñecemos a información por outros fascículos ou por outras fontes).

Segundo

#

Non definido

Subcampos:

\$a Designación de volume ou número e/ou data (NR)

Este subcampo contén a mención numérica, alfabética e/ou cronolóxica das datas de publicación:

-Se os volumes se identifican polo número e a data ó mesmo tempo, indícanse ámbalas dúas, poñendo a data detrás do número e entre paréntese.

Exemplo: 362 0#\$aVol. 1, n. 1 (en.-marzo 1960)-v. 6, n. 4 (oct.-dic. 1965)

362 0#\$aT. 1 (1930)-

Pero cando o número é unha subdivisión da data, o número vai detrás e sen paréntese.

Exemplo: 362 0#\$a1956, n. 1-1975, n. 12

-Cando hai máis dunha secuencia de numeración sepáranse por espacio, punto e coma, espacio (;). Non se repite o campo.

-Cando unha publicación, conservando o seu título, adopta unha nova secuencia, indicaremos a secuencia primitiva seguida da nova sempre que na mesma publicación existan indicios de que se trata só dunha nova secuencia e non dunha nova publicación seriada. Nova serie exprésase coa abreviatura “n. s.” Exemplo:

362 0#\$aVol. 1, n. 1 (Jan. 1934)-v. 4, n. 16 (Dec. 1937) ; n.s., v. 1, n. 1 (Jan. 1938)-

-Cando se describan facsímiles ou reproducións indicaranse dentro desta área os números e/ou datas da edición orixinal. Se non constan na reprodución indicaranse entre corchetes.

\$z Fonte de información (non se utiliza)

440 MENCIÓN DE SERIE – ENCABEZAMIENTO SECUNDARIO DE TÍTULO (R)

Contén unha mención de serie que consiste nun título de serie. É á vez unha mención de serie e un encabezamento secundario de serie.

En publicacións seriadas este campo utilízase só cando tódolos fascículos dunha publicación pertencen a unha mesma serie. Para a introducción dos datos séguense as mesmas normas que para as monografías.

Pautas para a redacción do campo 440 de serie

-As series redactaranse todas no campo **440. Non faremos uso do campo 490.**

-Seguiremos as pautas que marcan as RC en canto á inclusión ou non da palabra “colección”, “biblioteca”, “serie”, etc. (ver RCE 1.6.3 A)

-Na RCE 1.6.3 B indícase cal debe considerarse a forma establecida se aparecen varias no documento. Seguiremos esta regra para construír a forma autorizada da serie. Unha vez elaborada esta forma autorizada, as seguintes catalogacións de obras da mesma colección respectarán esta primeira forma, ó marxe de cómo figure no documento que estamos a catalogar. Se a diferenza entre estas formas é significativa e pode influír na identificación e/ou recuperación da serie, crearemos rexistros de autoridade coas formas alternativas (Ver apartado de Autoridades do manual)

-Para identificar claramente cada serie, **indícase sempre a continuación do nome da serie a editorial, entidade, etc. responsable entre parentese, excepto cando o nome xa está incluído no título da serie.** Exemplos:

440 #2O parrulo (Ir Indo);\$v24

440 #0Alianza universidad

Se a editorial é unha entidade, o nome da entidade redactarase tal e como iría nun campo 110:

440 #0Contos do dereito e do revés (Galicia. Xunta) ;\$v1

440 #0Documentos informativos (España. Ministerio de Economía y Hacienda)

-**Se o título da serie coincide co nome dunha entidade,** construírse coa forma normalizada de dita entidade e a continuación a palabra “Serie” entre paréntese. Exemplos:

440 #0Centro Dramático Galego (Serie);\$v20

440 #0Academia de Ciencias Médicas de Cantabria (Serie);\$v25

-**Serie das obras dun autor persoal:** O nome do autor persoal construírse de forma normalizada, igual que no campo 100, entre paréntese, a continuación do título da serie. A continuación do nome do autor indícarase tamén entre paréntese a editorial:

440 #0Obras completas (Borges, Jorge Luis (Alianza)); | **v40**

-**Subseries:** o título das subseries codifícarase a continuación do nome da editorial, entidade, etc. responsable. Exemplo:

440#0Documentos de traballo (Universidade de Santiago de Compostela).**\$p**Economía aplicada;**\$v5**

Indicadores:

Primeiro

Non definido

Segundo **Caracteres que non alfabetizan**

0-9 Número de caracteres que non alfabetizan

Úsase para especificar os caracteres que se ignoran na alfabetización. Hai que contar, ademais do número de caracteres do artigo, o espazo, puntuacións e signos diacríticos que preceden á primeira palabra significativa.

Subcampos:

\$a **Título (NR)**

Este subcampo contén o título da serie, que consignaremos de acordo coas pautas indicadas máis arriba. Exemplo:

440 #3El Libro de bolsillo (Alianza)

Non se pode repetir o \$a.

\$v **Designación de volume ou secuencia (NR)**

Este subcampo contén o número de volume da serie. Para a súa consignación seguiremos a RCE 1.6.8.: o número transcribírase sempre en cifras arábicas e pode ir precedido ou seguido do termo usado no documento, coas abreviaturas, se procede, das Reglas de catalogación.

Exemplo:

440 #0Mapas agrícolas (Alianza);\$v1

440 #0Materiales reforma (Anaya);\$vC-11

440 #0Cartógrafos del Mundo (Planeta);\$vmapa 15

Non se pode repetir o \$v

\$n Número da parte ou sección da obra (R)

Este subcampo contén unha designación de número dunha parte ou sección dun título de serie. A numeración pode vir indicada en calquera forma: Número 1, Parte 1, Suplemento A, Libro dos, etc. Exemplo:

440 #0Biblioteca galega (Xerais).\$nSerie A,\$pLiteratura

\$p Nome da parte ou sección da obra (R)

Este subcampo contén o título da subserie ou sección dunha serie. Exemplo:

440 #0Biblioteca A Nosa terra.\$pNós os galegos

No caso de que unha serie con subserie teña dobre numeración, repetiremos o \$v (aínda que o formato Ibermarc especifica que é un subcampo non repetible).

Exemplo:

Biblioteca A Nosa terra, nº 87. Nós os galegos, nº 5

440 #0Biblioteca A Nosa terra;\$v87.\$pNós os galegos ;\$v5

E NON

440 #0Biblioteca A Nosa terra;\$v87.\$pNós os galegos;\$n5 (O \$n non se emprega para indicar a orde de secuencia da subserie ou sección dentro da serie. A visualización que se xenera no OPAC é incorrecta)

O resto de subcampos non os utilizaremos.

MÁIS DUNHA SERIE

Cando un documento forma parte de varias series simultaneamente, faremos unha repetición do campo 440 para consignar cada unha delas.

Tal e como din as Reglas de Catalogación, no caso de que se trate de partes de obras catalogadas independentemente (Ver o apartado de Tratamento das obras en varios volumen deste manual) faremos constar, primeiro, a serie formada cos datos da obra da que son parte e, a continuación, a serie na que as incluíu o editor.

Exemplo:

245 03La fugitiva /**\$c**Marcel Proust

440 #0En busca del tiempo perdido;**\$v**6

440 #3El libro de bolsillo (Alianza Editorial);**\$v**132.**\$p**Sección Literatura

5XX NOTAS - INFORMACIÓN XERAL

A área de notas empregámola para facer constar toda aquela información que, sendo pertinente, non podemos consignar no resto da descripción bibliográfica.

Pautas a ter en conta:

1. Redactaremos as notas sempre en galego agás cando consignemos unha cita entre comiñas noutra lingua.
2. A orde na consignación das notas ven dada pola orde interna das etiquetas que se empreguen, pero cando deamos máis dunha nota da mesma categoría (por exemplo 500) podemos seguir a orde indicada polas R.C.
3. Tódalas notas referidas ó exemplar (tódalas sinaladas en R.C.E. 1.7.4 C) deberán gravarse no Rexistro de exemplar, nunca no Rexistro Bibliográfico.

As etiquetas máis utilizadas van ser:

- 500 Nota xeral
- 515 Nota de peculiaridades da numeración
- 525 Nota de suplemento
- 530 Nota de formato físico adicional disponible
- 534 Nota sobre a obra orixinal
- 546 Nota de lingua
- 555 Nota de índice acumulativo ou outros instrumentos bibliográficos
- 580 Nota de relación complexa
- 590 Nota de fonte usada para a descripción
- 594 Nota ó título e mención de responsabilidade
- 596 Nota sobre a área de publicación

500 NOTA XERAL (R)

Este campo está destinado a:

- Recoller información que non ten asignado un campo de nota propio.
- Cando non poidamos dar unha nota de numeración (362) con fiabilidade. Exemplo:

500 ##\$aComezou con: n. 1, publicado en 1980

500 ##\$aCesou en 1856?

500 ##\$aComezou en 1960 e rematou en 1987

Indicadores:

Primeiro # Non definido

Segundo # Non definido

Subcampos:

\$a Nota xeral (R)

Este subcampo contén a nota directamente.

500 ##\$aA partir de 1975, 35 cm

No caso de ter que dar máis dunha nota 500 repetiremos o campo.

O resto dos subcampos non os empregaremos

515 NOTA DE PECULIARIDADES DA NUMERACIÓN (R)

Este campo contén unha nota non normalizada que indica as irregularidades e peculiaridades da numeración ou da forma de publicación. Úsase para indicar:

-Os datos sobre irregularidades e peculiaridades da numeración, que poden ser:

-dobre numeración

-fascículos combinados

-sistemas de numeración múltiple

-fascículos preliminares non incluídos na numeración regular

-numeración que non empeza co volume un.

Exemplos:

515 ##\$aLa designación numérica comienza con: Año 2, n. 1

515 ##\$aPrimeiro fasc. sen numerar en 1973

-As irregularidades ou peculiaridades na edición. Exemplo:

515 ##\$aSuspendida a publicación entre 1936-1939

-Que se publicou en partes ou edicións revisadas. Exemplo :

515 ##\$aEditado en dúas partes en 1987, en tres desde 1991

-A cobertura dunha memoria anual, datas límites que cobren o período da mesma

Indicadores:

Primeiro # Non definido

Segundo # Non definido

Subcampos:

\$a Nota de peculiaridades da numeración

Este subcampo contén a mención da irregularidade ou peculiaridade da numeración.

O resto dos subcampos non os utilizaremos.

525 NOTA DE SUPLEMENTO (R)

Contén unha nota que aclara ou amplía os suplementos ou números especiais que nin se catalogan en rexistros independentes nin se gravan nun campo 770 (Asiento de suplemento/número especial). En xeral, esta nota soamente se usa para os suplementos e/ou números especiais que carecen dun nome específico.

Esta nota non se utiliza para rexistralos, senón para indicar se a publicación ten ou non suplementos. A mención dos suplementos que temos na nosa colección dáse no rexistro de fondos.

Indicadores:

Primeiro # Non definido

Segundo # Non definido

Subcampos:**\$a Nota de suplemento**

Este subcampo contén o texto completo da nota. Exemplos:

525 ##\$aTen varios suplementos

525 ##\$aAlgúns números van acompañados de suplementos

O resto dos subcampos non os utilizaremos

530 NOTA DE FORMATO FÍSICO ADICIONAL DISPONIBLE (R)

Este campo contén información relativa a outro formato físico diferente ó do documento que estamos describindo, pero do que non dispoñemos, é dicir, non forma parte da nosa colección. Só damos información da existencia doutros formatos.

Indicadores:

Primeiro # Non definido

Segundo # Non definido

Subcampos:**\$a Nota de formato físico adicional disponible**

Este subcampo contén o texto completo da nota. Ex.:

530 ##\$aEditado tamén en película cinematográfica

O resto dos subcampos non os utilizaremos

534 NOTA SOBRE A OBRA ORIXINAL (R)

Describe o orixinal dunha obra. A reprodución descríbese na parte principal do rexistro bibliográfico. Os detalles relevantes do orixinal danse no campo 534 cando difiren da información que describe a reprodución. (Ver ademáis Anexo V)

Para separar a información dos distintos subcampos empregaremos a puntuación ISBD.

Indicadores:

Primeiro # Non definido

Segundo # Non definido

Subcampos:

\$p Frase introductoria

Este subcampo contén unha frase que introduce a referencia da versión orixinal. Debe figurar sempre no rexistro. Exemplo:

534 ##\$pReproducción da ed. de:\$cMadrid : por Manuel Román ..., 1723

\$a - Encabezamento

Contén o encabezamento principal do orixinal

\$b – Mención de edición do orixinal

Contén a mención de edición do orixinal

\$c – Publicación, distribución do orixinal

Información sobre a publicación e distribución do orixinal

\$e - Descrición física

Descrición física do orixinal

\$f – Mención de serie do orixinal

Mención de serie do orixinal

\$k - Título clave

Título clave do orixinal

\$m - Designación material

Contén datos específicos do material, como a *periodicidade* ou a data ou designacións cronolóxicas.

\$n – Nota sobre o orixinal

Unha nota relativa ó orixinal. Se hai máis dunha nota repítese o subcampo \$n

\$t – Mención de título do orixinal

Título do orixinal

\$x - ISSN

ISSN asociado ó orixinal

Exemplos:

534 ##\$pReprod. da ed. de:\$cMadrid : imprenta de D. Wenceslao Ayguals de Izco, 1854

546 NOTA DE LINGUA (R)

Este campo contén unha nota que indica a lingua ou linguas dos materiais descritos. A información codificada sobre linguas inclúese en 008/35-37 (Código de Lingua) e no campo 041 (Lingua)

Indicadores

Primeiro	
#	Non definido
Segundo	
#	Non definido

Subcampos

\$a Nota de lingua (NR)

Este subcampo contén o texto da nota de lingua. Exemplo:

008/35-37 cat

041 0#\$acatspa

546 ###\$aTexto en catalán e castelán

O resto dos subcampos non os utilizaremos

555 NOTA DE ÍNDICE ACUMULATIVO OU OUTROS INSTRUMENTOS BIBLIOGRÁFICOS (R)

En publicacións seriadas, este campo contén unha mención dos volumes e/ou as datas cubertos polos índices acumulativos dun documento e unha mención da localización deses índices. Os índices poden publicarse como parte integrante dun número da publicación seriada ou publicados independentemente.

Indicadores

Primeiro Control de visualización asociada

Este indicador contén un valor que controla a presentación da visualización asociada que precede á nota.

- # Índices (Xenera o literal “Índices”)
 - 8 Non xenera visualización asociada
- O resto dos valores non os utilizaremos

Segundo

- # Non definido

Subcampos

\$a Nota de índice acumulativo ou outros instrumentos bibliográficos

Contén a mención do índice ou instrumentos bibliográficos. Exemplos:

555 ##\$aAcumulativos irregulares e por legislaturas

555 8#\$aÍndices xerais (1872-1945) publicados polo CSIC en 1952

O resto dos subcampos non os utilizaremos.

580 NOTA DE RELACIÓN COMPLEXA (R)

Utilizaremos este campo só en casos excepcionais cando queiramos expresar unha relación complexa entre o documento descrito no rexistro e outros documentos que non se pode xenerar adecuadamente a partir dos campos de asentos de relación 76X-78X.

Indicadores

Primeiro

- # Non definido

Segundo

- # Non definido

Subcampos:

\$a Nota de relación complexa

Este subcampo contén a descripción do título relacionado e unha mención que describe a relación.

O resto dos subcampos non os utilizaremos.

590 NOTA DE FONTE USADA PARA A DESCRIPCIÓN

Este campo utilízase para especificar a fonte na que se basea a descripción bibliográfica cando non é no primeiro volume ou fascículo. É unha nota obrigatoria.

Indicadores

Primeiro	Control de visualización asociada
0	Descripción baseada en
Segundo	
#	Non definido

Subcampos:

\$a Nota de fonte usada para a descripción (NR)

Este subcampo contén a fonte utilizada para a descripción cando o exemplar é incompleto ou non se dispón do primeiro número dunha publicación seriada.

590 0#**\$a**Descripción baseada en: n. 7 (feb. 2000)

Hai que teclear a frase “Descripción baseada en”, non a xenera o sistema

594 NOTA Ó TÍTULO E MENCIÓN DE RESPONSABILIDADE

Este campo contén información relativa á área de título e mención de responsabilidade que se considera importante para a descripción e que non ten cabida no campo 245.

Indicadores:

<i>Primeiro</i>	
#	Non definido
<i>Segundo</i>	
#	Non definido

Subcampos:

\$a Nota ó título e mención de responsabilidade (NR)

Este subcampo contén o texto enteiro da nota.. Exemplos:

594 ##**\$a**Port. adicional en castelán

594 ##**\$a**Tít. tomado da cub.

594 ##**\$a**Na cub.: Sociedad Española de Sistemas Generales

594 ##**\$a**Títulos paralelos en inglés e francés na cub.

Este campo contén información que completa e/ou precisa a contida na área de publicación e que se considera importante para a descripción.

Indicadores:

Primeiro

Non definido

Segundo

Non definido

Subcampos:

\$a Nota sobre a área de publicación (NR)

596 ##\$aA partir de 1977 publicado pola Dirección General del Libro y Bibliotecas do Ministerio de Cultura

O resto dos subcampos non os utilizaremos.

- 600 Encabezamento secundario de materia - Nome de autor persoal
- 610 Encabezamento secundario de materia - Nome de entidade
- 611 Encabezamento secundario de materia - Nome de congreso
- 630 Encabezamento secundario de materia - Título uniforme
- 650 Encabezamento secundario de materia - Termo materia
- 651 Encabezamento secundario de materia - Nome xeográfico

Cuestións xerais:

- As autoridades de materia redactaranse conforme a:

*Lista de encabezamientos de materia para las bibliotecas públicas, 2ª ed. Rev., 1996

*Encabezamientos de materia: normativa para su redacción. Madrid, Ministerio de cultura, 1991

-A asignación de materias vai ser bilingüe en galego e castelán. Innopac permite a existencia de 2 índices de recuperación de materias pero esto implica que teñen que levar indicadores distintos. Polo tanto:

*as materias en galego levan indicador 7

*as materias en castelán levan indicador 4

-Os rexistros bibliográficos levarán, polo tanto, 2 etiquetas 6XX, unha en galego e outra en castelán, cos seus indicadores respectivos. Exemplo:

650 07\$aXornalismo

650 04\$aPeriodismo

-Bilingüismo nos campos 600, 610, 611, 630. Nestes campos de materia o bilingüismo só afectará, evidentemente, os subencabezamentos. A parte do encabezamento de materia que vai no \$a mantense na lingua propia tal e como figuraría nun campo 1XX ou 7XX. Exemplos:

600 17\$aCela, Camilo José\$d(1916-2002)\$xAdaptacións cinematográficas
600 14\$aCela, Camilo José\$d(1916-2002)\$xAdaptaciones cinematográficas

610 27\$aMosteiro de Santa María de Oseira (Ourense)\$xHistoria\$xFontes
610 24\$aMosteiro de Santa María de Oseira (Ourense)\$xHistoria\$xFuentes

611 27\$aCongreso Galego de Medio Ambiente\$n(3°.\$d1999.\$cSantiago de Compostela)\$xHistoria

611 24\$a Congreso Galego de Medio Ambiente\$n(3°.\$d1999.\$cSantiago de Compostela)\$xHistoria

-¿Cómo aparecen os encabezamentos de materia na estación de catalogación?. Estamos a traducir ó galego a Lista de Encabezamentos de Materia para Bibliotecas Públicas do Ministerio de Cultura. Cada entrada do repertorio vai ter o seu rexistro de autoridade correspondente, tanto en galego como en castelán. Ó facer unha busca por materia, tanto no índice de materia castelán coma no de materia galego, obteremos un listado onde podemos ver:

*unha entrada para o rexistro de autoridade de materia. Pinchando sobre el veremos o rexistro de autoridade completo: termos rexeitados, termos relacionados, notas de alcance, etc.).

*outra entrada para o encabezamento de materia e o número de rexistros bibliográficos que levan esa materia.

-Non utilizaremos o \$j para indicar un subencabezamento de forma. Empregaremos o \$x no seu lugar.

-As subdivisións cronolóxicas baixo historia para o caso de España é Galicia só poderán ser as fixadas polo CSBG (ver apéndices deste manual) ; non se poderán crear outras subdivisións cronolóxicas.

600 Encabezamento secundario de materia - Nome de autor persoal (R)

Este campo contén un nome de persoa usado como encabezamento secundario de materia.

-Nunca se empregará o \$j para introduci-lo subencabezamento de forma: frase sempre baixo un \$x.

-Entre un subencabezamento e o seguinte unicamente se consignará o código de subcampo correspondete sen deixar espazos.

Indicadores:

Primeiro Tipo de nome persoal (igual que no campo 100)

- 0 Nome en orde directo
- 1 Apelido/s con ou sen nome
- 3 Nome de familia

Segundo

- 7 **Materia en galego**
- 4 **Materia en castelán**

Subcampos:

- \$a Nome (NR)**
- \$b Numeración (numerais asociados ó nome) (NR)**
- \$c Títulos e outras palabras asociadas ó nome (R)**
- \$d Datas asociadas ó nome (NR)**
- \$q Forma desenvolvida do nome (NR)**

Os subcampos \$a, \$b, \$c, \$d e \$q codifícanse igual ca nun campo 100.

\$t Título da obra (NR)

Utilízase cando se trata do estudio dunha obra dun autor (Non confundir con secundarias de autor/título).

\$x Subdivisión xeral (R)

Incluiremos neste subcampo tódolos subencabezamentos que non sexan nin topográficos nin cronolóxicos (Irán aquí polo tanto os subencabezamentos de forma, lingua...).

\$y Subdivisión cronolóxica (R)

Incluiremos aquí os subencabezamentos cronolóxicos. Os séculos irán en cifras arábicas antepostas á palabra *siglo/século*.

\$z Subdivisión xeográfica (R)

Irán aquí os subencabezamentos xeográficos (Para nomes de lugar emprega-los repertorios que se citan neste manual de procedemento)

610 Encabezamento de materia - Nome de entidade (R)

Este campo contén un nome de entidade empregado como encabezamento secundario de materia.

O nome da entidade constrúese tal e como iría nun campo 110 ou 710.

No caso de publicacións que teñan coma materia unha conferencia, exposición, etc. , só irán neste campo 610 si encabeza a entidade e non a conferencia, etc. en forma directa; neste último caso irá nun campo 611.

-Nunca se empregará o \$j para introduci-lo subencabezamento de forma: farase sempre baixo un \$x.

-Entre un subencabezamento e o seguinte unicamente se consignará o código de subcampo correspondete sen deixar espazos.

Indicadores:

Primeiro *Tipo de nome de entidade (igual que no campo 110)*

- 1 Nome de xurisdicción como elemento inicial
- 2 Nome de entidade en orden directo

Segundo:

- 7 **Materia en galego**
- 4 **Materia en castelán**

Subcampos:

- \$a** **Nome da entidade ou xurisdicción como elemento inicial (NR)**
- \$b** **Entidade subordinada (R)**
- \$c** **Lugar, sede do congreso (NR)**
- \$d** **Data do congreso ou da firma dun tratado (R)**
- \$n** **Número do congreso (R)**

Os subcampos \$a, \$b, \$c, \$d e \$n codifícaranse igual ca nun campo 110.

- \$x** **Subdivisión xeral (R)**

610 Incluiremos neste subcampo tódolos subencabezamentos que non sexan nin topográficos nin cronolóxicos (Irán aquí polo tanto os subencabezamentos de forma, lingua...).

\$y Subdivisión cronolóxica (R)

Incluiremos aquí os subencabezamentos cronolóxicos. Os séculos irán en cifras arábicas antepostas á palabra siglo/século.

\$z Subdivisión xeográfica (R)

Irán aquí os subencabezamentos xeográficos (Para nomes de lugar emprega-los repertorios que se citan neste manual de procedemento).

611 Encabezamento secundario de materia - Nome de congreso (R)

Este campo contén un nome de congreso ou conferencia usado como encabezamento secundario de materia.

Os nomes de congresos e reunións que van subordinados a unha entidade que se usa como encabezamento principal van no campo 610.

-Nunca se empregará o \$j para introduci-lo subencabezamento de forma: farase sempre baixo un \$x.

-Entre un subencabezamento e o seguinte unicamente se consignará o código de subcampo correspondente sen deixar espazos.

Indicadores:

Primeiro Tipo de nome de congreso (igual que no campo 111)

2 Nome de congreso en orden directo

Segundo

7 Materia en galego

4 Materia en castelán

Subcampos:

\$a Nome do congreso ou xurisdicción como elemento inicial (NR)

\$c Lugar, sede do congreso (NR)

\$d Data do congreso (NR)

\$e Entidade subordinada (R)

\$n Número do congreso (R)

Os subcampos \$a, \$c, \$d, \$e, \$n codifícanse igual can un campo 111.

\$x Subdivisión xeral (R)

Incluiremos neste subcampo tódolos subencabezamentos que non sexan nin topográficos nin cronolóxicos (Irán aquí, polo tanto, os subencabezamentos de forma, lingua...).

\$y Subdivisión cronolóxica (R)

Incluiremos aquí os subencabezamentos cronolóxicos. Os séculos irán en cifras arábicas antepostas á palabra siglo/século.

\$z Subdivisión xeográfica (R)

Irán aquí os subencabezamentos xeográficos (Para nomes de lugar emprega-los repertorios que se citan neste manual de procedemento).

Este campo contén un título uniforme usado como encabezamento secundario de materia. Úsase para manter unha coherencia nos ficheiros de autoridades naqueles casos en que o encabezamento principal dunha obra iría nun campo 130 : Biblia e outros libros sagrados, leis antigas, tratados, concordatos, etc.

Deben consignarse tamén neste campo, cando sexan encabezamentos secundarios de materia:

- Foros de discusión
- Obras de arte individuais (que encabezen por título)
- Personaxes de ficción
- Programas de radio
- Programas de televisión
- Programas de ordenador
- Comics
- Software
- Películas

Estas entradas constrúense da seguinte maneira: Título (designación do tipo de obra)

Ex.: **630 0#Gomaespuma** (Programa de radio)

630 0#Forrest Gump (Película)

-Nunca se empregará o \$j para introduci-lo subencabezamento de forma: farase sempre baixo un \$x.

-Entre un subencabezamento e o seguinte unicamente se consignará o código de subcampo correspondete sen deixar espazos.

Indicadores:

Primeiro Caracteres que non alfabetizan (igual que nun campo 130)

0-9 Número de caracteres que non alfabetizan

Úsase para especificar os caracteres que se ignoran na alfabetización. Hai que contar, ademáis do número de caracteres do artigo, o espacio, puntuacións e signos diacríticos que preceden á primeira palabra

significativa. Cando o título uniforme non comeza por artigo o primeiro indicador será 0

Segundo

- 7 **Materia en galego**
- 4 **Materia en castelán**

Subcampos:

- \$a Título uniforme (NR)**
- \$d Datas da firma dun tratado (NR)**
- \$f Data de publicación (NR)**
- \$l Lingua da obra (NR)**
- \$n Número da parte ou sección da obra (R)**
- \$p Nome da parte ou sección da obra (R)**
- \$s Versión (NR)**

Os códigos \$a, \$d, \$f, \$l, \$n, \$p e \$s codifícanse igual que no campo 130

\$x Subdivisión xeral (R)

Incluiremos neste subcampo tódolos subencabezamentos que non sexan nin topográficos nin cronolóxicos (Irán aquí, polo tanto, os subencabezamentos de forma, lingua...).

\$y Subdivisión cronolóxica (R)

Este subcampo contén unha subdivisión de materia que representa un periodo de tempo. Os séculos irán en cifras arábicas antepostas á palabra siglo/século.

\$z Subdivisión xeográfica (R)

Irán aquí os subencabezamentos xeográficos (Para nomes de lugar emprega-los repertorios que se citan neste manual de procedemento).

650 Encabezamento secundario de materia - Termo materia (R)

Este campo contén un termo de materia (o que entendemos como asunto ou tema) usado como encabezamento secundario de materia. Polo tanto irán neste campo todos os encabezamentos de materia que non se cumprimentan en 600, 610, 611, 630 ou 651.

Tamén se codifican no campo 650 un título, un nome xeográfico ou un nome de entidade cando o encabezamento de materia teña nome de frase. Exemplos: Biblia y ateísmo, Madrid en la literatura, Iglesia Católica y humanismo.

-Nunca se empregará o \$j para introduci-lo subencabezamento de forma: farase sempre baixo un \$x.

-Entre un subencabezamento e o seguinte unicamente se consignará o código de subcampo correspondete sen deixar espacios.

Indicadores:

Primeiro Nivel

Non se proporciona información

Segundo:

7 **Materia en galego**

4 **Materia en castelán**

Subcampos:

\$a Termo materia ou nome xeográfico como elemento inicial (NR)

Este subcampo contén un termo de materia utilizado como elemento inicial. Os calificadores que van entre parénteses non se codifican nun subcampo distinto.

650 #7\$aTrío (Piano, frauta, violonchelo)

650 #4\$aTrío (Piano, flauta, violonchelo)

650 #7\$aEspaña na literatura

650 #4\$aEspaña en la literatura

\$x Subdivisión xeral (R)

Cumplimentaránse neste subcampo as subdivisiones que non sexan nin cronolóxicas nin topográficas. Exemplos:

650 #7\$aBibliotecas escolares\$xActividade cultural

650 #4\$aBibliotecas escolares\$xActividad cultural

\$y Subdivisión cronolóxica (R)

Este subcampo contén unha subdivisión de materia que representa un período de tempo.

650 #7\$aPintura europea\$y17° século

650 #4\$aPintura europea\$y17° siglo

\$z Subdivisión xeográfica (R)

Este subcampo contén unha subdivisión de materia que designa un lugar xeográfico.

650 #7\$aFlora\$zGalicia

650 #4\$aFlora\$zGalicia

Termos dubidosos que debemos incluír no campo 650:

- Acontecementos deportivos
- Baños, termas, etc. Antiguas
- Competicións (non organizadas formalmente)
- Concursos
- Batallas
- Detalles arquitectónicos
- Dinastías lexendarias
- Deuses
- Escolas artísticas
- Estatuas
- Estrelas (clases)
- Eventos (Ex. Ramadán)
- Exames, tests
- Expedicións militares
- Festexos populares

- Festivais
- Festas relixiosas
- Festas e celebracións (non organizadas formalmente)
- Grupos artísticos
- Grupos étnicos
- Linguaxes de ordenador
- Monumentos (estructuras, estatuas)
- Movementos sociais, políticos, etc.
- Murallas
- Personaxes de ficción, mitolóxicos, etc.
- Pirámides
- Redes informáticas
- Salas, cámaras, etc.
- Santuarios (non igrexas)
- Sepulcros, tumbas
- Sistemas operativos (Ex. Unix)
- Torres
- Tribus (grupos étnicos)
- Xogos (non organizados formalmente)

Empregase para os nomes xeográficos usados coma encabezamento de materia. Non confundir con encabezamentos de materia para entidades corporativas que entren por área xurisdiccional. (610).

Consideramos nome xeográfico:

- Xurisdicións políticas soas ou subdivididas por termos de materia
- Accidentes naturais: ríos, montañas, desertos, cabos
- Rexións xeográficas e corpos celestes: continentes, planetas, estrelas
- Lugares arqueolóxicos
- Parques e outras entidades xeográficas.

Codifícanse no 650 os nomes xeográficos utilizados nun encabezamento de materia que ten forma de frase. (España en la literatura).

-Nunca se empregará o \$j para introduci-lo subencabezamento de forma: farase sempre baixo un \$x.

-Entre un subencabezamento e o seguinte unicamente se consignará o código de subcampo correspondente sen deixar espazos.

PAUTAS PARA A REDACCIÓN DOS ENCABEZAMENTOS DE MATERIA XEOGRÁFICOS:

Para a redacción dos encabezamentos de materia xeográficos seguiremos as seguintes fontes:

-Tesouro Isoc de topónimos, 2ª ed, 1996 (para os españois). Pode consultarse en Internet no seguinte enderezo: <http://pci204.cindoc.csic.es/tesauros/Toponimo/Toponimo.htm>

-Topónimos estranxeiros: Traduciremos os topónimos estranxeiros que xa contan con tradición oral ou escrita no idioma galego. Exemplos: Nova York, Nova Zelandia, Xapón, Alemaña, Bos Aires, etc. Cando os topónimos adquiren formas galegas seguen as regras de acentuación desta lingua.

-Nomenclator de Galicia, para os topónimos galegos, pero tendo en conta que nós non pospoñeremos o artigo como fan no nomenclator. Exemplo:

No nomenclator: Bola, A (Ourense)

Nós: A Bola (Ourense)

No nomenclator: Coruña, A

Nós: A Coruña

(É consultable na Web da xunta no seguinte enderezo: <http://www.xunta.es/nomenclator/index.htm>; ali tamen aparecen os DOG nos que aparecen publicados).

-Utilizaremos o **galego** tanto para os topónimos de Galicia coma para as indicacións de accidente, e calquera outra aclaración aplicada os topónimos galegos.

-Optaremos por aclarar, utilizando o paréntese, o lugar onde está ubicada a entidade xeográfica:

*No caso de España e Galicia, poremos no paréntese o nome da provincia. Ex:

651 #7\$aSargadelos (Lugo) | xFontes | xHistoria

651 #7\$aSada (A Coruña) | xDescrición

651 #7\$aMérida (Badajoz) | xHistoria

*Para lugares estranxeiros poremos o nome do país ou o do Estado no caso de Estados federais, cando se considere necesario. Ex.:

651 #4\$aRodano (Francia)

651 #4\$aBoston (Massachussets)

Seguiremos esta mesma regra para os subencabezamentos topográficos. Ex.:

650 #4\$aCerámica | zSargadelos (Lugo)

-Encabezamentos de nomes de divisións territoriais distintas co mesmo nome.

Se áreas xurisdiccionais de distinta orde teñen un nome xeográfico común, engadirase, entre paréntese, os determinantes precisos para a identificación de cada unha. Esta regra non se emprega para as cidades agás nos casos nos que coincide o nome da cidade co do país ou estado, no caso dos estados federais. Exemplos:

Valencia (*entendemos cidade*)

Valencia (Provincia)

Valencia (Comunidade Autónoma)

-Barrios e comarcas:

Barrios: Faremos a entrada pola palabra Barrio e levando como cualificadores, entre paréntese, o nome da cidade e o da provincia, cando non coincidan:

Exemplo: Barrio da Magdalena (Ferrol, A Coruña)

pero

Barrio de Santa Cruz (Sevilla)

Comarcas: Especificaremos entre paréntese a palabra Comarca e a continuación o nome da provincia.

A Limia (Comarca, Ourense)

-Parroquias: Seguiremos o seguinte esquema: Nome da parroquia (Concello, Provincia).
Exemplo: Acevedo do Río (Celanova, Ourense)

-Illas: Seguiremos o seguinte esquema:

- Nome específico da illa
- Calificativo entre paréntese: Illa ou Illas, segundo corresponda
- No mesmo paréntese: nome da provincia

Exemplos: Cíes (Illas, Pontevedra)
A Toxa (Illa, Pontevedra)
Ons (Illa, Pontevedra)

-Cabos: Seguiremos o mesmo esquema que para as Illas:

- Nome específico do cabo
- Calificativo entre paréntese: Cabo
- No mesmo paréntese: nome da provincia

Exemplo: Ortegaleira (Cabo, A Coruña)
Gata (Cabo, Almería)

Indicadores:

Primeiro

Non definido

Segundo:

7 **Materia en galego**

4 **Materia en castelán**

Subcampos:

\$a Nome xeográfico (NR)

Irán aquí o nome xeográfico que sexa punto de acceso principal da materia. Os calificativos entre parénteses non van en subcampo independente. Exemplo:

651 #7\$aLugo (Provincia)

\$x Subdivisión xeral (R)

Incluiremos neste subcampo tódolos subencabezamentos que non sexan nin topográficos nin cronolóxicos (Irán aquí, polo tanto, os subencabezamentos de forma, lingua...). Exemplos:

651 #7\$aLugo (Provincia)\$xGuías turísticas

651 #4\$aLugo (Provincia)\$xGuías turísticas

\$y Subdivisión cronolóxica (R)

Este subcampo contén unha subdivisión de materia que representa un período de tempo. Para a historia de España e Galicia só poderán utilizarse as subdivisións cronolóxicas fixadas neste manual (Ver Apéndices). Exemplos:

651 #7\$aMadrid (Comunidad autónoma)\$xSituación social\$y20° século

\$z Subdivisión xeográfica (R)

Irá aquí calquera subencabezamento xeográfico que se aplique á materia. Exemplos:

651 #7\$aEspaña\$xRelacións\$zPenínsula Ibérica

Termos dúbidosos que deberemos incluír no campo 651:

- Aeroportos
- Ágoras
- Arboretos
- Áreas de ocio
- Áreas protexidos
- Áreas e rexións
- Asentamentos colectivos
- Asteroides
- Astros (individuais)
- Autoestradas
- Barrios
- Bosques
- Caldeiras (xeoloxía)
- Campamentos, colonias de vacacións
- Campos de concentración
- Campos de xogo
- Campos de petróleo
- Campos de refuxiados
- Canais

- Cemiterios
- Cidades e partes de cidades (barrios, rúas, distritos)
- Clubes de campo
- Cometas
- Comunas
- Concesións de terra
- Correntes mariñas
- Cuencas xeolóxicas
- Corpos celestes (cometas, galaxias, planetas, etc.)
- Covas
- Depósitos de residuos perigosos
- Desertos
- Distritos axardinados
- Distritos comerciais
- Encoros, presas
- Espacios abertos
- Espacios naturais protexidos
- Estados
- Explotacións agrícolas
- Estepas
- Estradas, camiños
- Estrelas (individuais)
- Fortalezas
- Fronteiras
- Fortes, postos militares, etc.
- Galaxias
- Gasoductos, oleoductos, etc.
- Granxas
- Grupos de países (Ex. Países en vías de desenvolvemento, Países comunistas, etc)
- Herbolarios, viveiros
- Instalacións militares
- Illas non xurisdiccionais
- Lagos, lagoas
- Lugares arqueolóxicos

- Lugares históricos
- Lúas
- Mares
- Metros, túneles
- Mesetas
- Minas
- Montañas
- Muelles (portos)
- Nebulosas
- Necrópolis
- Océanos
- Oleoductos, gasoductos
- Países, grupos de países
- Parques de atraccións
- Parques históricos
- Parques naturais, nacionais, etc.
- Parques e xardíns
- Paseos marítimos
- Planetas
- Pontes
- Portadas
- Portas
- Pontes
- Portos
- Postos militares
- Pradeiras
- Prantacións
- Prazas, espacios abertos
- Prazas de mercados
- Ranchos
- Rexións xeográficas (ex. Rexións antárticas, trópicos, etc)
- Reservas de indios
- Reservas naturais
- Ríos

- Rúas
- Satélites
- Sendeiros
- Terras
- Túneles
- Vales
- Vertedeiros
- Xacementos arqueolóxicos
- Xardíns
- Xardíns botánicos
- Xurisdiccións antigas
- Zocos
- Zonas comerciais
- Zonas económicas
- Zonas e portos francos

7XX ENCABEZAMENTOS SECUNDARIOS - INFORMACIÓN XERAL

- 700 Encabezamento secundario - Nome de autor persoal**
- 710 Encabezamento secundario - Nome de entidade**
- 711 Encabezamento secundario - Nome de congreso**
- 730 Encabezamento secundario - Título uniforme**

Este campo contén un nome de persoa usado como encabezamento secundario.

Indicadores:

Primeiro Tipo de nome persoal

- 0 Nome en orde directo
- 1 Apelido/s con ou sen nome
- 3 Nome de familia

Segundo

- # Non definido
- 4 Editor / impresor (Utilizaremos este indicador para as secundarias de editores e impresores para poder recuperalos dende o índice de Editor / impresor no OPAC)

Subcampos:

- \$a** Nome (NR)
- \$b** Numeración (números asociados ó nome) (NR)
- \$c** Títulos e outras palabras asociadas ó nome (R)
- \$d** Datas asociadas ó nome (NR)
- \$q** Forma desenvolvida do nome (NR)

Os subcampos \$a, \$b, \$c, \$d e \$q codificaranse igual ca nun campo 100.

\$e Termo indicativo da función (R)

Cubriremos o subcampo \$e (relación autor-obra) cando sexa necesario.

Neste subcampo as mencións de responsabilidade quedarán reducidas a:

- dir.** (para director ou coordinador)
- ed. lit.** (para editor literario, anotador, revisor, asesor, comentarista, compilador, seleccionador ou adaptador)
- trad.** (para traductor)
- pr.** (para prologuista, introductor...)
- il.** (para ilustrador, fotógrafo, debuxante, gravador)

As abreviaturas deste subcampo irán sempre con (.) final.

Cando teñamos mais dunha mención de responsabilidade darase por este orde:

dir., ed. lit., trad., pr., il. Exemplos : \$edir. e trad.

\$eed. lit. e il.

Este campo contén un nome de entidade usado como punto de acceso secundario. Para redactalo teremos en conta as mesmas pautas que para o campo 110.

Non faremos entrada secundaria de editoriais comerciais, mesmo de entidades que teñen unha editorial comercial propia. Exemplos:

Ediciones Universidad de Salamanca

Ediciones Universidad de Navarra (EUNSA)

Editorial Complutense

Indicadores:

Primeiro Tipo de nome persoal

- 1 Nome de xurisdicción como elemento inicial (**igual ca 110**)
- 2 Nome de entidade en orde directo (**igual ca 110**)

Segundo

- # Non definido
